


TERRA DE OUTES 47

Xullo - Setembro 2019

1€



nestenº

A xurisdición de Muros (XI)
Serradoiro do Cunchido (IV)
Aspera no camiño (I)
O Sancosmeiro e as matriarcas do mar
Roteiros: Santiago - Forcarei
O ADN no Centro Social de Outes
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Santiago Nieto

Editorial

RESULTADOS ELECTORAIS OUTES. 26 DE MAIO

No 26-M produciuse un cambio histórico no Concello, e non tan só porque Compromiso superou o PP en votos, que tamén, mais porque as tres forzas da esquerda superaron en 1185 votos os recibidos pola dereita. Unha derrota, pois, sen paliativos, do PP, que o conduce nidiamente á oposición. Porén, inda hai máis datos: mentres ó PP lle custa cada concelleiro/a 275,4 votos, ó PSdeG 1 concelleiro supúxolle 409; ó BNG, 332; e a Compromiso, 297,8. Non se pode afirmar, xa que logo, que a lei electoral vixente sexa proporcional, senón todo o contrario. Se consideramos que o censo electoral de Outes nesta ocasión concreta era de 5620 persoas e que a abstención acadou a porcentaxe do 29,5%, sen contabiliza-los votos nulos e outras opcións, o resultado destas eleccións foi contundentemente favorábel á esquerda, salientando, dentro das ditas opcións, o BNG, que pasou de non ter representación a contar con 2 concelleiros/as, cun total de 664 votos válidos. Compromiso gañoulle ó PP en 7 circunscricións electorais, namentres que o PP tan só gañou en 5.

A forza máis votada está chamada a gobernar. Díciáo moi ben Manolo González: *"Quedou claro que ten que haber un cambio. A xente votou polo cambio e nós temos que lideralo."* Namentres, Beatriz Molinos recoñecía o deste xeito: *"O resultado témo-lo asumido, está claro que algo faríamos mal nós e algo faría ben o resto"*. Moitas persoas outenses limpaban as lagañas dos ollos perante as novas que se transmitían e non dando creto ó acontecido despois de tantos anos de goberno da dereita. Resulta moi doado de explicar: xeracións de outenses nunca coñeceran un goberno de esquerdas, e iso descontando os anos da ditadura represiva. Agora vén o tempo de administrar ben a confianza depositada nos/nas actuais concelleiros/as da esquerda, máis fundamentalmente no rexedor electo. Parabéns a toda a xente, parabéns ás persoas gañadoras e moita sorte a todo o mundo?

Dicionario xeográfico Xoán Mariño

Capadocia. Territorio da actual Turquía de onde veu a 'Capadora', muller que capaos homes a ducias e agora vive no Campo de Noia.

Lanzarote. Illa canaria de onde proceden as lanzarotas, armas arreboladizas crebadas.

Liberpool. Piscina libre, en inglés.

Madeira. Arquipélago portugués que serve para leña ou facer moblaxe.

Manchester. É como se di en inglés *manchas de té*.

Mato Grosso. Irmán máis gordo de Xulio Mato, 'Matito', mítico xogador de fútbol noiés.

Melón. Concello ourensán habitado por melómanos, xente que adora a música.

Salamanca. Cidade castelán-leonesa á cal lle falta unha man.

Sobrado. Concello coruñés en cuxo famoso mosteiro os monxes ensinan a eleva-la autoestima. Alí Beiras e os seus tres exalcaldes aprenderon a "ir de sobrados".

Universo. Poema cósmico dun único verso.

Valencia. Espazo baleiro dunha encía situado entre dúas moas.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinioia, S.L.

E-mail: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:
www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**

**cociña caseira, natureza e
silencio**

 **CASAPERFEUTOMARIA**
cabanamoura

X Muiñada

No pasado mes de maio tivo lugar a X Muiñada, nome con que designámo-las xornadas de exaltación do patrimonio cultural que a nosa asociación vén organizando dende 2007.

Nesta ocasión dedicámo-las á emigración galega e deron comezo no mércores 8 de maio de 2019, no IES Poeta Añón, coa inauguración da exposición *Luces de alén mar. As escolas de americanos en Galicia*, a cargo do director do dito centro, Daniel Losada; Xoán Mariño, presidente da nosa asociación; e Pilar Cagiao, coautora da compilación de textos e imaxes colocados nos paneis informativos, quen foi explicando ás persoas asistentes o motivo da selección dos ditos contidos. Seguiu a conferencia “**Añón, paradigma da emigración galega**”, por Ramón Blanco, profesor de Lingua e Literatura Galega no IES Virxe do Mar, de Noia, e pechou esta primeira xornada a profesora da USC Pilar Cagiao Vila, coa conferencia “**A emigración galega á América: destinos, inserción laboral e social, características dos emigrantes e participación feminina**”.



Inauguración da exposición “Luces de alén mar”.

No xoves, día 9 de maio de 2019, na casa da cultura da Serra, tiveron lugar as seguintes conferencias: “**Luces de alén mar: a creación dunha rede escolar de calidade polos americanos**”, a cargo de Raúl Soutelo Vázquez, profesor de Xeografía e Historia no IES Campo de S. Alberto, de Noia, e despois o relatorio de Rocío Botana, doutora en Historia pola USC, “**A investigación a microescala das migracións galegas no século pasado na contorna de Santiago**”.

O Venres, 10 de maio, de novo no IES Poeta Añón, realizáronse as seguintes conferencias: “**Vivencias na diáspora e retorno na Galicia interior: o caso de Antas de Ulla**”, a cargo de Francisco Armas Quintá, profesor na Facultade de Ciencias da Educación da USC, e “**Esa vaise, aquela vaise ... as novas migracións galegas na era da globalización**”, a cargo de



Raúl Soutelo presentando a charla de Antía Pérez.

Antía Pérez Caramés, profesora da Facultade de Socioloxía e Ciencia Política da Universidade da Coruña.

Pecháronse as xornadas no **sábado, 11** de maio, na casa da cultura da Serra, con tres novas conferencias: a primeira, de Isidro Dubert, catedrático de H.^a Moderna na USC, quen disertou sobre “**Mitos e realidades sobre as consecuencias da emigración nun país de vellos**”. A segunda, de Jesús Montero Sánchez, profesor no IES Campo de S. Alberto, de Noia, quen falou sobre “**O estudo das migracións como recurso didáctico na educación de adultos**”, a que seguiu a presentación do documental *Cruzar a fronteira*, elaborado no seu propio instituto por alumnado e profesorado no marco dun programa colaborativo europeo con outros centros educativos da Croacia, Eslovenia, Grecia e Portugal durante os anos 2014-16. E a terceira, a cargo de Ramón Blanco: “**Domingo Sendón: Poeta emigrante na Arxentina**”, seguido da presentación do libro de Domingo Sendón, *De Outes a San Telmo*, que publicou a nosa asociación, a cargo do propio Ramón Blanco (coord. da edición) e a filla do escritor, Ana María Sendón.

Presentación do libro de “Outes a San Telmo” de Domingo Sendón.



A xurisdición de Muros (XI)

Xoán Fco. García Suárez

Lista de oficios das freguesías de Santa Mariña de Esteiro, Santiago de Tal e San Xoán de Sabardes

Freguesía de Santa Mariña de Esteiro

Lista que eu, Juan Antonio Rodríguez, mordomo da freguesía de Santa María de Esteiro, dou para que conste, onde conveña, dos oficios, artes e comercios que hai na dita freguesía, con distinción de clases e cos seus salarios e utilidades. É da maneira seguinte:

Notarios: Bernardo Bezerra, regúlaselle que saca de utilidade ó ano sesenta reais.

Mestre de nenos: Bernardo Bezerra, regúlaselle que saca de utilidade ó ano trinta reais.

Curtidores: Silvano de Maio, regúlaselle de utilidade ó ano cen reais. É fillo de Silvestre de Maio.

Canteiros: Domingo Piñeiro, o *Maíor*, exerceo seis meses e regúlaselle que gaña o día que traballa neles dous reais.

Xastres: Pasqual Cambeiro e Juan de Rio-mao –irmán de Antonio–, que o exercen seis meses, regúlaselle a cada un cada día que traballan neles real e medio, incluído o xantar.

Zapateiros: Silvano de Maio exerceo seis meses. Regúlaselle cada día que traballa neles un real “*de vellón*”. É fillo de Silvestre de Maio.

Que son os oficios, artes e utilidades que hai na dita freguesía e, por ser verdade e non saber asinar, rogo a un que o faga por min. Na dita freguesía. Febreiro catorce de mil setecentos cincuenta e tres. Ó rogo, Alonso Blanco

Emolumentos, cargas e devesas:

Francisco Fontenlos. Relación que, como mordomo desta freguesía, dou dos emolumentos, cargas e devesas da Súa Maxestade, que ten. É a seguinte:

Emolumentos: Ten esta freguesía un monte chamado Pedregal. Inútil. Cabida, tres mil ferrados. Levante, freguesía de San Xoán de Sabardes; poñente, a de Santiago de Tal; norte, a de San Pedro de Outes; e mediodía, mar.

Pensións: Contribúe esta freguesía á Súa Maxestade, por razón de servizo ordinario con cento oitenta reais “*de vellón*”, e polos máis ramo, con mil cincuenta. Que ámbalas partidas fan a de mil douscentos trinta.

Devesas reais: Unha, chamada Do Río, botada a carballos. Cabida, sesenta ferrados. Primeira calidade. Levante e poñente, camiño; norte e mediodía, monte común. Un piñeiro da dita devesa, a carballos; cabida, dous ferrados de primeira calidade. Amurallado

Que é o que a dita freguesía ten, e por ser verdade e non saber asinar rogo a un que o faga por min. Na dita freguesía. Febreiro catorce de mil setecentos cincuenta e tres. Ó rogo, Gerónimo Núñez.

Freguesía de Santiago de Tal

Lista que eu, Francisco Fontenlos, como mordomo da freguesía de Santiago de Tal, dou para que conste, onde conveña, dos oficios que hai na dita freguesía, que coas súas utilidades e distinción de clases é da maneira seguinte:

Mercador de viño: Ignacio González, regúlaselle que saca de utilidade ó ano cen reais “*de vellón*”.

Foto 1. Arte da xábega”. Gravado do séc. XVIII. Colección Seoane&Prado (nauticadigital.com). Unhas trinta persoas estaban censadas como mariñeiros en Sabardes en 1753.

Taberneiro: Ignacio González, regúlaselle que saca de utilidade ó ano cincuenta reais “*de vellón*”.

Estanqueiro: Manuel Lado, regúlaselle que saca de utilidade ó ano corenta reais.

Curtidores: Juan de Villaverde, Juan de In-sua e Andrés de Lestón. A cada un destes regúlaselle que sacan ó ano cen reais “*de vellón*”.


Ferreiros: Francisco Tubío, xenro de Juan de Villaverde. Regúlaselle que gaña o día que traballa tres reais “*de vellón*”, que o exerce seis meses.

Cereiro: Andrés Fernández, regúlaselle que saca de utilidade ó ano oitenta reais “*de vellón*”.

Teceláns: Domingo Piñeiro, Juan Conde, Juan de Sendón e Domingo Pérez –fillo de Gregorio–. A cada un destes regúlaselle que gaña o día que traballa, de seis meses que o exercen, un real.

Xastres: Andrés da Rama, Juan Antonio Piñeiro, Alexo Piñeiro –fillo de Juan Antonio– e Juan de Isla. A cada un destes regúlaselle que gaña o día que traballa, de seis meses que o exercen, un real e dezasete marabedís.

Carpinteiros: Francisco Antonio Cambeiro, Gregorio Pérez



Nota: Que a cada un destes se lle regula que gaña o día que traballa, de seis meses que o exercen, dous reais “*de vellón*”.

Zapateiros: Juan Antonio Romero, regúlase que gaña o día que traballa, de seis meses que o exerce, un real.

Que son os oficios, artes e utilidades que hai na dita freguesía, e por ser verdade e non saber asinar, rogo a un que o faga por min. Na dita freguesía. Febreiro catorce de mil setecentos cincuenta e tres. Ó rogo, Gerónimo Núñez

Freguesía de San Xoán de Sabardes

Lista que eu, Rosendo Zernadas, mordomo da freguesía de San Xoán de Sabardes, dou para que conste, onde conveña, dos oficios e mais dereitos que na dita freguesía hai, cos seus salarios e utilidades con distinción de clases. É da maneira seguinte:

Escribáns da Súa Maxestade: Juan de Safigueroa. Regúlase que saca de utilidade ó ano mil cincocentos reais.

Notarios: Juan Ramos y Tejedor e Andrés Martínez. Regúlase que saca cada un de utilidade ó ano sesenta reais. Santiago, fillo de Juan da Rama, regúlase que saca de utilidade ó ano corenta reais.

Curtidores: Pasqual de Castro, Domingo Caamaño e Juan Pedro Caamaño, fillo de Domingo. Regúlase a cada un que saca de utilidade ó ano cincuenta reais “*de vellón*”.

Ferreiros: Juan Pedro Vicente e Alonso Vicente, regúlase a cada un o día que traballa, de seis meses que o exercen, tres reais “*de vellón*”.

Teceláns: Lorenzo de Creo –xenro de Lorenzo Vilariño–, Andrés Brión, Benito Zernadas, Anselmo Zernadas, Francisco Piñeiro, Manuel Zernadas, Jazinto Novo, Christoval del Río, Pedro de Abelleira, Francisco da Rama, Justo Martínez, Andrés Martínez, Domingo García, Juan García, Bonifacio García –fillo de Juan Pasqual de Castro–, Rosendo del Río, Alexo Conde, Domingo Vázquez, Pasqual del Río, Antonio del Río, Lorenzo Romero, Francisco Vilariño, Juan Ramos e Hestevan Romero. A cada un destes regúlase que gañan o día que traballan, de seis meses que o exercen, un real “*de vellón*”.

Canteiros: Juan de Priegue e Domingo Piñeiro: regúlase que gaña cada un, por cada día que traballa, de seis meses que o exerce, dous reais.




Foto 2. Monte Tremuzo, lindeiro entre as parroquias de Outes, Roo e Sabardes.

Mariñeiros: Andrés de Oca –fillo de Petronila de Bara–, Domingo Suárez, fillo de Andrés Ignacio de Oca, fillo de Alverto– Andrés Prego, Gabriel do Monte, Miguel de Antelo, Juan Prego, Bernardo Fornís, Alonso Prego, Matheo París, Phelipe París, Domingo Thomé, sogro de Marcos San Paio, Alverto Vilariño, Matheo Martínez, Domingo Fornís, Domingo Thomé, Andrés Suárez, Alverto de Oca, Andrés de Oca, Agustín de Oca, Juan Antonio París, fillo de Phelipe Pasqual Núñez, fillo de María Guisande, Marcos San Paio, Marcos Rodríguez –fillo de Antonia Rodríguez–, Andrés Fernández –xenro de María de Outeiro–, Alverto París –xenro de Andrés Caamaño–, Vicente de Castro, Juan Antonio Vilariño –fillo de Ana Fernández–, Pedro e Benito Fornís, fillos de Domingo. A cada un destes regúlase que gaña o día que traballa, de oito meses que o exerce, un real “*de vellón*”.

Embarcacións: A Miguel de Antelo, por un barco de pesca regúlase trescentos reais. A Andrés Prego, por dous barcos de pesca, seiscentos reais. A Antonio, fillo de Alonso Prego, por outro barco, outros trescentos reais. A Andrés de Ocas, por un, trescentos reais. A Phelipe París, por un, outro tanto.

Xastres: Bartholome del Río, Francisco Vázquez, Domingo del Río, Antonio Domínguez e Pasqual Piñeiro, regúlase que gaña, a cada un destes, o día que traballa, de seis meses que exerce, un real e dezasete maravedís.

Zapateiros: Matheo Barreiro, Anselmo de Castro, Pedro Martínez –fillo de Juan–, Pedro Juan Barreiro –fillo de Pedro Domingo Romero– e Juan Pedro Martínez. A cada un destes

regúlase que gaña, o día que traballa, de seis meses que o exerce, un real “*de vellón*”.

Carpinteiros: Silvestre Maceira. Regúlase que gaña, o día que traballa, de seis meses que o exerce, dous reais “*de vellón*”.

Mercador de viño e taberneiro: Juan Blanco. Regúlase que saca de utilidade ó ano cento cincuenta reais “*de vellón*”.

Que son os oficios, artes e utilidades que hai na dita freguesía, e por ser verdade e non saber asinar, rogo a un que o faga por min. Na dita freguesía. Febreiro catorce de mil setecentos cincuenta e tres. Ó rogo, Andrés Rodríguez

Emolumentos, cargas e devesas

Rosendo Sazido. Mordomo

Relación que como mordomo da freguesía dou dos emolumentos, cargas e devesas que a S.M. ten. É a seguinte:

Emolumentos: Ten esta freguesía un monte chamado Tremuzo. Cabida, mil cincocentos ferrados, inútil. Levante, freguesía de San Cosme de Outeiro; poñente, freguesía de Santa Mariña de Esteiro; norte, San Pedro de Outes; mediodía, mar.

Pensións: Contribúe esta freguesía á Súa Maxestade, por razón de servizo ordinario com trescentos cincuenta reais “*de vellón*”, e polos máis ramos, con mil setecentos cincuenta. Que ámbalas partidas fan a de dous mil cen.

Devesas reais: Unha, chamado Sobre da Corga; cabida, oitenta ferrados, amurallada.

Que é o que a dita freguesía ten, e por ser verdade e non saber asinar, rogo a un que o faga por min. Na dita freguesía. Febreiro dezaseis de mil setecentos cincuenta e tres. Ó rogo, Antonio Rodríguez.

O Serradoiro do Cunchido (e IV)

Mingucho Campos

O REMATE DA ACTIVIDADE NO SERRADOIRO DO CUNCHIDO

O que subscribe inda garda na memoria os sons da orquestra "Romero" ensaiando o seu amplo repertorio musical no pendello anexo á casa de Moncho Alborés. Son lembranzas duns tempos xa vencidos que inda sendo afastados no tempo perduran na memoria de quen compartiu horas de solaz co propietario do serradoiro do Cunchido.

Cando o boom da emigración a países europeos como Suíza, Alemaña, Reino Unido... aló pola década dos anos 60 do século pasado a actividade dos serradoiros comezou o seu declive. Pura lóxica pecuniaria, porque os soldos que se pagaban ós traballadores na Serra de Outes e noutras partes de Galicia e mesmo de España non acadaban a contía dos que se pagaban no estranxeiro e produciuse un éxodo masivo. Isto, entre outras circunstancias, provocou o declive das actividades madeireiras e doutros ámbitos produtivos. Un empresario ten a obriga de ser perspicaz e saber adiantarse ás situacións adversas. Moncho foino.

A actividade empresarial de Moncho Alborés era consistente e sólida, porque despois da aprendizaxe co seu pai e irmán rexentara en sociedade un serradoiro na Chaínza, Noia, ó que ían traballar homes e mulleres que aproveitaban o remate da xornada laboral para carrexar leña en cabaces cun mulido protector na cabeza para poderen prenda-lo lume nos seus respectivos fogares. No Cunchido sucedía o mesmo. Mais as vendas e todo o demais non colmaban as expectativas empresariais e había que explorar outras actividades. Non abundaba con espolar piñeiros no monte e logo transformalos en táboas. Imponíase a procura de alternativas.

Retrocedendo no tempo atópome cun documento que traduzo ó galego respectado a literalidade do escrito en castelán. **"Na vila da Serra de Outes, a vinte e tres de marzo de mil novecentos cincuenta e seis, perante as testemuñas que se dirán, comparecen:**

Ramón Alborés Ramos, viúvo, industrial, veciño desta vila, e da outra parte Ramón Alborés Santos "Moncho", fillo do anterior, casado con María Maceiras Conde, e igualmente industrial e veciño do inmediato lugar do Cunchido, que fan constar:

Que Ramón Alborés Santos solicita do seu pai para atende-las necesidades da súa industria de serrar madeiras, en préstamo, a cantidade de noventa mil pesetas.

Ramón Alborés Ramos faille entrega nese intre da expresada cantidade da que recibe

carta de pagamento coas cláusulas seguintes:

O prazo para a devolución será o que estime o Sr. Alborés Ramos, podendo en calquera momento reclamarllas sempre cun mes de antelación.

Responde do cumprimento de devolución o Sr. Alborés Santos cos seus bens e dereitos, poñendo como primeira garantía a propiedade do soar e o edificio-vivenda de recente construción que posúe na parroquia de Barro, concello de Noia, adquirida por el mesmo en sociedade conxugal coa súa dona, María Maceiras Conde segundo documento público outorgado perante o notario de Noia, D. Cesáreo Vázquez Ulloa, inscrito no protocolo deste co número cincocentos cincuenta e un.

Lido todo asinan por duplicado os interesados e as testemuñas, Xosé Rodríguez Caamaño e Luciano Alborés Gosende, veciños respectivamente do Cunchido e Ribademar. Así mesmo asina o documento en conformidade María Maceiras Conde".

O xuro fixouse no 5% do capital e foi aboado en dous prazos, o primeiro de 4.500 pesetas e o segundo de 2.700.

Previamente e en concreto o doce de xaneiro de mil novecentos cincuenta e seis Domingo Alborés Ramos, tío de Moncho, Carmen e Xosé, irmáns arréndanlle a proporción da que son donos por herdanza no serradoiro. O serradoiro, segundo se especifica no documento consta: **"De dous pendellos de 20 m de longo e outros tantos de ancho cada un, construídos en madeira e asentados en columnas, tamén un "galerín". Un deles destinado a máquinas e o outro a almacenamento".** Asemade o documento describe pormenorizadamente os útiles: **"Un motor eléctrico de vinte e nove HP, un aparello de serrar cun diámetro de un metro**

e vinte centímetros con "galerín" de preparar, outro dun metro tamén con "galerín", dúas máquinas de serrar de mesa dun metro de diámetro en volantes, unha báscula fixa de ata catro mil quilos, un transformador coa súa correspondente caseta, unha arca de caudais "Grüber" de pequeno tamaño, outra de escribir marca "Under Wood". Un automático de serrar "Amsa" e ademais tódolos accesorios e terreos destinados ó secado da madeira algúns deles alugados a Antonia Castro Nieto, Loreto Sacido e Uxío Atán".

A participación de cada un dos asinantes resulta se-la seguinte:

Moncho Alborés, o 57,12%

Carme Alborés, o 4,778%

Xosé Alborés, o 4,778%

Domingos Alborés Ramos, o 8,332%.

Como me estou a referir a un documento anterior a outro reseñado nun número anterior desta publicación, o 25% restante pertencíalle a Manuel Alborés, de Ribademar. Por dito arrendamento Moncho deberá aboar 300 pesetas mensuais ademais dos custos de S.S., contribucións, arrendamento das parcelas, reparacións e conservación das instalacións e maquinaria e o melloramento das mesmas. O tempo de duración do contratado fíxase en seis anos. No caso de paralización da actividade do serradoiro por guerra, crise importante ou outras causas de forza maior poderá Moncho suspenderlo pagamento de renda e continuara aboando unha vez desaparecidas as dificultades. Este contrato foi asinado tamén polas testemuñas Xosé Rodríguez Caamaño e Vicente Blanco Ponte.

Na relación de contribuíntes da Administración de Rendas Públicas da provincia da Coruña correspondente ao ano 1963 figura o serradoiro do Cunchido cos seguintes datos:

Antigo serradoiro do Cunchido, coas novas instalacións de G. Castro.



Números, ord. 535, ind. 184
 Contribuínte: Ramón Alborés Santos (B.)
 Domicilio: Outes
 Base impositiva: 15.000
 Cota: 3.000
 Deducións: 0
 Cota líquida: 3.000
 Ingreso a conta: 2.033
 Cota a ingresar: 967

O oito de abril dese ano de 1963 Moncho Alborés comunicalle ó enxeñeiro xefe do distrito forestal da Coruña autorización da Delegación de Traballo para proceder ao peche da empresa, sendo este motivado pola difícil situación que naquel momento, na súa opinión, atravesaban estas empresas e as dificultades económicas inherentes. Asemade prégalle un informe sobre se nalgún momento, desaparecida-las dificultades, podería retoma-la actividade ou se podería aluga-las instalacións. O vinte e dous de abril o enxeñeiro xefe respóndelle que se o peche de actividades no serradoiro é por tempo inferior a un ano abonda con solicita-lo inicio das actividades sen máis trámites, pero se é superior debe iniciarse un expediente de apertura coma se fose de nova instalación. Tamén lle comunica que pode aluga-la fábrica se o solicita previamente da Xefatura e comunicando o certificado profesional do alugador. O dezaseis de marzo de 1965 a mesma Xefatura Provincial comunicalle que despois das visitas de inspección realizadas polo persoal facultativo do Distrito Forestal da Coruña quedou comprobado que nas instalacións do serradoiro non había actividade dende hai máis de dous anos. Na Coruña o tresde xuño de 1965 Moncho Alborés arréndalle a fábrica con tódalas súas instalacións e terreos anexos ao veciño do Obre, Noia, Manuel Figueira Guerrero por un período de cinco anos prorrogable de común acordo polo importe de 700 pts. mensuais, é dicir, 8.400 pts. anuais a satisfacer no domicilio do arrendador por mensualidades vencidas fixando como condición que a conservación da maquinaria e das instalacións ficará a cargo do arrendatario.

Perante a crise que afecta aos serradoiros Moncho decide facer unha fábrica de cerámica, idea que desbotou, e logo mercar unha fábrica de conserva de produtos por medio do salgado, unha salgadeira, e transformala noutra de conservas en Lira, concello de Carnota:

COMPOSICIÓN.- “En una zona marítima del puerto de Lira se encuentra una construcción de varias naves destinadas en su día a salazón de pescados, pero que en la actualidad se encuentran abandonadas por no tener salida esta industria. Se proyecta en estas edificaciones hacer una transformación para poder destinar este edificio a la conserva de pescados. Para ello se respetan los muros actuales, las cubiertas actuales tratando en lo posible de adaptar todos ellos a esta nueva industria, que constará de una planta baja, un entresuelo en la parte anterior del edificio destinado a vivienda una parte y la otra a oficinas y a almacén de vacíos. La planta baja según proyecto se destinará totalmente a la conservación de pescados, con sus correspondientes zonas y utensilios para dicha fabricación, estando adosada al final del edificio, en una edificación nueva, la caldera. Tendrá también esta planta el correspondiente frigorífico, comedores para personal, aseos-duchas, cocina y comedor-estar de vivienda etc... Presupuesto aproximado de estas obras: 325.342,84 pts.”

Un accidente dun operario veu altera-lo curso das obras. Os gastos que ocasionou eran cuantiosos e a súa dona, María Maceiras, recorreu á axuda e consellos do avogado de Compostela, Paz Sueiro, quen lle recomendou a contratación dun detective que fotografase ao obreiro traballando a pleno rendemento nunha empresa de construción. E así o fixo. Foise a xuízo e o traballador perdeu, quedando liberada das cargas económicas a familia Alborés-Maceiras. Ademais a Dirección Xeral de Industrias Téxtiles e Varias, dependente do Ministerio de Industria denegoulle a María Maceiras -era a nome de quen estaban

as instalacións de Lira- a posta en funcionamento da futura fábrica de conservas de pescado polo baixo índice de produtividade e por non existir base técnica nin económica que xustificasen esta nova instalación.

Moncho inclínase pola emigración e marcha a Canadá, onde tiña a súa cuñada Aurita, irmá de María, e alí botaría vinte e cinco anos ata a súa xubilación. Regresou novamente primeiro á súa casa de Noia e logo trasladouse ó piso que mercara en Compostela na rúa Fernando III. En Compostela foi precisamente onde faleceron el e a súa dona.



Moncho Alborés.

Un detalle que non quero obviar, porque denota a humanidade de Moncho, é que nun día normal de actividade no serradoiro mesmo ó saber que se declarara un incendio na casa da Buxanteira situada na Serra de Abaixo ordenou para-las máquinas e enviou os obreiros a colaborar na extinción das lapas e, posteriormente, puxo en marcha unha campaña para recadar cartos que axudasen a aquela familia a construír unha nova vivenda. Iso chámase ser solidario.



CONSTRUCCIÓN BLANCO

Traballos de Albanería e Cantería

Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920
 Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionsblanco.com
facebook.com/construccionsblanco/



"Aspera" no camiño (I)

Santiago Llovo Taboada

Aspera ou Áspera é un lugar da parroquia de San Xoán de Roo, concello de Outes, dependente da aldea de Bendimón. O topónimo "Aspera" probablemente se relaciona cunha ponte sobre un río ou regato, e en concreto coa espera para cruzalo. O nome actual procede dunha derivación da palabra "Espera", que a fonética local derivou primeiro en "Aspera" e posteriormente en "Áspera". Este nome reproducíase noutros lugares, como a coñecida "Ponte da Áspera", no concello de Sarria, provincia de Lugo, en pleno Camiño Francés a Santiago¹. Esta referencia lévanos a pensar que a Aspera outense ten moita máis historia ca a que chegou ós nosos días, e que o seu significado puidera ter que ver cun posible *pontádego*² existente no lugar.

Para falar sobre a historia desta ponte sobre o río Roo³, (Foto 1) ninguén mellor ca un dos seus veciños, memoria viva de Aspera e de toda a bisbarra, Manuel Castro Blanco, "Manolo de Soria", tamén alcumado "Manolo do Pulido". O que a seguir se recolle procede maioritariamente das lembranzas que atesoura este veterano mariñeiro e librepensador, unhas protagonizadas por

el mesmo e outras transmitidas polos seus antepasados.

O dato concreto máis antigo de que dispón é a propia fundación da aldea de Bendimón e do seu anexo, Aspera. Segundo información oral dos seus antepasados e documentación que consta no seu poder, Bendimón ten a súa orixe, aproximadamente no século XV, na decisión dos atesourados antepasados do poeta Añón de explotar a viñedo as terras do arredor, que previamente lles aforara a Igrexa. A tal fin trouxo como xornaleiros varios veciños do lugar de Banzas, parroquia de Santo Ourente de Entíns, para quen mandou ergue-la que probablemente fora a primeira construción do lugar. Con posterioridade, co fin de explotar regularmente estas terras, potenciaron a súa colonización, erguendo as primeiras vivendas as familias Baliñas, Conde, Montes e Rama.

Outro dato de interese que transmitiu foi que, por diante da súa casa en Aspera, onde transcorre o chamado Camiño Real, pasaron as tropas napoleónicas. Esta información podémola dar por certa xa que, tras arrasar Corcubión e Muros na primavera de 1809, continuaron cara á súa

base de Santiago e das Rías Baixas. O único camiño que daquela existía na zona é o que transcorre por Bendimón, entre Roo e o priorado de Sabardes.

Se as referencias anteriores poden resultar interesantes, o que máis nos chamou a atención foi a afirmación de que na súa aldea houbo unha capela e un albergue social de peregrinos e pobres. A miña ignorancia sobre o asunto non puido ilustrarse con documentación oficial que confirme a existencia do albergue. Malia ese importante contratempo, o seu relato, xunto coas pistas que o paso do tempo non desfixo, fannos pensar na veracidade de ámbalas informacións.

Esclarecer este pequeno anaco de historia na actualidade ten moito sentido, xa que recentemente, no día 28 de novembro de 2018, representantes dos concellos de Santiago, Ames, Brión, Rois, Lousame, Noia, Porto do Son, Outes e Muros, asinaron un convenio para promover a oficialización do Camiño pola ría de Muros e Noia, como Ruta Xacobeá. Con ese proxecto téntase recuperar parte do esplendor que supuxo no pasado esta ruta de peregrinaxe a Compostela.

Tanto en Muros como en Noia subsisten innumerables vestixios da importancia que tivo no pasado a peregrinación xacobeá para estas vilas. Malia o perigo dos piratas e a dificultade das nosas costas para a navegación, o Camiño Marítimo Inglés era o itinerario a Compostela preferido polos peregrinos do norte de Europa, por ser un traxecto máis rápido e económico ca o terrestre.

Aínda non sendo nin Muros nin Noia os portos principais de chegada, os peregrinos que desembarcaban ou pasaban por Muros cando viñan de Fisterra tiñan dúas opcións para chegaren a Compostela: pola "montaña" ou pola costa. Se escollían esta segunda opción, na metade do traxecto entre Muros e Noia atopábase a ponte e aldea de Bendimón/Aspera, coa súa fonte, capela e albergue, para dar servizo ós camiñantes. Xa o Códice Calixtino lembraba (en latín): *"Os peregrinos, tanto pobres coma ricos, han de ser caritativamente recibidos e venerados por*



Foto 1. Parte superior da pontella e, no fondo, lugar onde estaba a capela de Santo Amaro.

tódalas xentes cando van ou veñen de Santiago. Pois quenquera que os recibir e dilixentemente os hospedar, non só terá como hóspede Santiago, senón tamén o Señor”.

Así como a ponte e a fonte de Bendimón podemos situalas probablemente na época das peregrinacións, no que respecta á desaparecida capela de Santo Amaro e o albergue de Aspera, témo-las nosas dúbidas. Deseguido imos expoñer toda a información, oral e escrita, que atopamos, destes catro elementos patrimoniais.

Ponte

Pouco se pode dicir desta pontella de Bendimón, (Foto 2) porque a súa orixe se perde no tempo en non se atopou ningún documento que nos dea pistas sobre a súa construción. Pola súa sinxela estrutura pénsase que puido erguerse hai moitos anos. Postos en contacto con varios expertos na materia, coinciden en afirmar que o que chegou ós nosos días construíuse no século XVIII, pero que probablemente está asentada sobre outra anterior.

Aínda que non está catalogada como elemento patrimonial que hai que protexer, como se atopa a menos de 50 metros da fonte, que si o está, pódese considerar que está dentro do seu contorno de protección.



Foto 3. Fonte de Bendimón con Manuel Castro Blanco a seu carón.

Fonte

A fonte que existe preto da ponte de Bendimón (Foto 3) é o único dos catro elementos patrimoniais mencionados que está incluído no inventario da Dirección

Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta, e polo tanto goza da protección que lle outorga. No PXOM do Concello de Outes tamén está protexido coa clave de identificación CP-15. Non conta con ningunha inscrición que nos axude a data-la súa construción. De vello atopábase situada máis abaixo, cara ó río, pero coa actuación de acondicionamento e asfaltado da pista contigua, por onde discorría o Camiño Real, elevouse e púxose enriba dunha soleira de formigón. Na actualidade non dá servizo coa auga do manancial orixinal.



Foto 2. Ponte entre Bendimón e Aspera.

1. O Camiño de Santiago cruza esta ponte e dirixe os peregrinos cara á súa seguinte parada: Portomarín. Consérvanse tres arcos da época medieval e está situado sobre o río Celeiro. Foi construído con lousa, agás os arcos que son de cantaría de granito.

2. O *pontádego* foi un imposto indirecto, pertencente á coroa, Igrexa ou a algún nobre, que se aboou durante séculos para poder pasar algunhas pontes. Foi suprimido en 1881.

3. Nalgunha fonte aparece como río de Bendimón, pero segundo por onde pase chámase dunha maneira distinta. Parece máis axeitado chamarlle río ou regato Roo, xa que atravesa unha boa parte desta parroquia.

O sancosmeiro e as matriarcas do mar

Gerardo Triñanes

Achegarse á historia da embarcación sancosmeiro supón entrar de cheo nun dos episodios máis xenuínos da rica e extensa etnografía marítima galega. Esta embarcación nace aló entre a primeira e a segunda década do século XX e comparte o nome de sancosmeiro, en competencia, co famoso sombreiro de palla nacido na parroquia de Santo Ourente (concello de Outes). O sombreiro aínda ten na actualidade unha recoñecida fama como produto artesanal e goza do recoñecemento como símbolo do bo facer da artesanía local.

O sombreiro está vivo e presente como supervivente dunha época e dun saber facer. Na actualidade, está integrado como un produto con pleno sentido produtivo e comercial, mais non ocorre o mesmo co barco oriundo da parroquia de San Cosme, no concello de Outes e que, por proximidade co Freixo, gran santuario da construción naval en madeira da época, comparte con el a fama dos seus carpinteiros de ribeira.

Con respecto ó sombreiro, orixinario da parroquia de Santo Ourente, un pensa en que... por que se coñece como sancosmeiro? E resultoume verdadeiramente curiosa a resposta que me deron: contan que unha manchea de anos atrás houbo unha exposición nos Estados Unidos da América e apareceu por alí o susodito sombreiro. O comisario da mostra, que era de produtos artesanais, indagou pola orixe de tan peculiar obxecto, pois chamoulle moito a atención a súa técnica de elaboración. Alguén o informou de que se trataba dun sombreiro feito na Galiza, no concello de Outes, e de que se coñecía co nome de sancosmeiro. Resulta evidente que esta resposta non respondía á orixe de tan marabilloso obxecto, senón ó nome con que se coñecía o dito obxecto. Esta denominación respondía ó feito de que se vendían moitos para a parroquia de San Cosme e de que as súas mulleres o lucían con estiloso garbo; polo que puiden comprobar, non existe hoxe en día debate sobre a cuestión da súa orixe.

O barco sancosmeiro nace como resposta a unha necesidade concreta nun momento histórico determinado e nun contexto social de precariedade extrema. Nestas circunstancias este barco supuxo a creación de proxectos persoais emancipadores, en especial no caso das mulleres, xa que era moi común que a compañía de transporte marítimo de produtos da horta e outras mercadorías a conformasen o matrimonio traballando en conxunto, onde o papel da muller era vital, pasando de traballala horta para consumo propio e subsistencia a considerala como negocio produtivo e comercial. Así é como nolo conta Adoración Blanco Rama, filla de Xosé, patrón do sancosmeiro León: que



ela, xa ben noviña, empezou no barco do seu pai a transportar todo o tipo de produtos con que se podía comerciar, incluíndo animais, e ían á feira de Noia, ós xoves e domingos; á de Esteiro, ós martes e venres; á de Muros, ós venres. Adoración chegou a patronear o León en moitas ocasións e garda na memoria mil e unha anécdotas daqueles tempos heroicos en que saían a navegar aínda que as condicións do vento e do mar non fosen as axeitadas, pero era neses días precisamente cando se podía facer mellor negocio.

Adoración tiña dez tíos, dos cales oito eran patróns e propietarios de sancosmeiros, e mesmo se lembra dalgúns dos nomes dos barcos: Umaría, Moderno, Manuel, Modesto, Vamos Indo, Dos Hermanos, e tamén de moitos armadores: Lelo de Montes, Modesto Blanco, Xaquín de Montes, Ignacio de Alveida, Manuel Rama (o Requeno), Evaristo Rama, o Lumbeiro, Ché da Lumbeira etc. A maioría deles formaban tándem coas súas mulleres, conformando unha economía local a pequena escala que trouxo prosperidade á aldea e que adiviñamos na faciana de Adoración cando nos fala daqueles anos e do rol de mulleres como Teresa de Higinio, María de Nimo ou Dominga da Paxara, auténticas matriarcas que, pola súa experiencia e sabedoría, eran consideradas polo grupo familiar e pola comunidade como unha autoridade para respectar.

O carpinteiro de ribeira foi sinalado historicamente polo nobre irmandamento co armador e co mariñeiro, cos cales, máis que facer negocio, practicaba unha política de asesoramento e orientación: non nos resulta difícil imaxinalo mestre carpinteiro de ribeira

escoitando a problemática das mulleres de San Cosme para vender e idear un medio de transporte marítimo eficaz e que solucionase os problemas de transporte por terra que case facía inviábel o negocio dos produtos das fértiles hortas de San Cosme, dada a súa situación xeográfica, afastada dos mercados por terra, pero pretoño deles por mar.

Non coñecemos-lo carpinteiro de ribeira creador desta tipoloxía, pero si sabemos que foi alí, na parroquia de San Cosme, na zona do *Riqueixo* e na *Bujalleira* onde se construían; nese contorno da costa había moitos estaleiros, onde mestres carpinteiros de ribeira como Manolo García, o Rulo, Tomás de Guiribaia e outros, andaban afañándose en construí-los máis rudos e potentes sancosmeiros.

Os sancosmeiros tiveron tamén como botes de carga un papel relevante na construción do dique de Noia e da presa de Barrié de la Maza, transportando cemento e distintos materiais. Inicialmente propulsábase a remo e a vela, pero chegaron a montar motores AYON que se fabricaban na propia vila de Noia. Tamén se dedicou ó marisqueo ata finais da década dos anos setenta, cando se inicia o declive e practicamente a desaparición desta tipoloxía, substituída por outros barcos máis eficientes para a motorización.

O sancosmeiro é un claro exemplo de simbiose entre o mar e a terra, entre o territorio e as xentes, que transformou a subsistencia en progreso económico e social, e forma parte destacada do patrimonio marítimo flotante galego, co cal estaremos en débeda mentres non vexamos de novo unha réplica do León navegando pola ría, patroneado por Adoración.

Santiago-Forcarei (52 Km)

Xastre

O pasado 4 de maio protagonizamos un episodio máis do que vimos denominando "rutas alternativas"; neste caso arrancamos dende Santiago, punto de saída das nosas últimas andainas, e acabamos no concello de Forcarei, en terras pontevedresas.

Forcarei, concello da comarca de Tabeirós, Terra de Montes. O de "montes" é verídico, pois as nosas pernas sábeno de sobra: longas estradas comarcais asaltadas con aglomerada cor clara, sen un sitiño de sombra, coma terras de Castela. Pero, iso si, de chan case nada. Picouso para arriba, que por moito que andabas non se daba acabado aquela liña no espazo... case infinita. Supoño que as altas temperaturas tamén terían parte de culpa nesas sensacións de asfixia temporal transitoria onde descansa a boina.

De primeiro hai que dicir que saímos da capital arredor das 7:15 da mañá, con paso firme, cara a un destino algo incerto (máis de un pensabamos... que hai en Forcarei??, haberá algún monumento sacro??, unha capela de renome??... que sei eu!!; pois non, hai unha recta de sentido único con locais de oferta-demanda variada a ambos lados da estrada principal e pouco máis; queda visto en dez minutos). En fin, nesta viaxe o quinteto ía composto por Manu Martínez, Lolo Prol, a parella de Hermi e Marco, ademais do que vos relata. Os mesmos de sempre con gana de que volvan incorporarse máis de un que en etapas anteriores nos facían máis amenos os quilómetros: Pelucas, Xoán Américo. Esperámoslos!

Enfiamos cara aos Tilos, coa vista posta na Estrada como fin dunha primeira parte do percorrido, mais aínda quedaba moito que roer. Puxemos pernas ao camiño, como dixeran, arredor das 7:15 no Outeiro do Castiñeirío rumbo a Uceira, seguindo en paralelo o rego de Santa Lucía ata a ponte que cruza a autoestrada Santiago-Ourense. Seguindo a vía de servizo da mesma acabamos no rego Saramo, obrigándonos a seguir por Teo, e enlazando de novo a estrada Santiago-Ourense en Lestedo, onde fixemos o primeiro alto para tomar un cafeiño nun bar onde o xerente nos puxo o café con non moi boa cara... Saímos de novo á ruta con vistas a Cimadevila, e, cruzando a estrada Pontevea-Ponte Ulla, o couto de Ximonde, onde están os viñedos de Monteveiga (Mar de Frades). Chegamos ao rego Ulla á altura da estación ictiolóxica e cruzámolo pola ponte de Ximonde.



Xa en Pontevedra seguimos a carón do río deica a ponde de Sarandón, onde comezou a parte máis civilizada da expedición, roendo a maioría das veces pistas asfaltadas. Pasamos por Vilar, Barbude e Moreira. En Ponteliñares, no cruce que une A Estrada con Chapa, collemos o pan e comemos un pincho de empanada de bacallau -con espiñas e algo salgado para o noso gusto-.

Seguimos pola Cruxa, O Vilar, San Xurxo e paramos en Quintás, nunha pequena carballeira onde repuxemos forzas. Logo, na peor horiña do día, retomamos o camiño, e as pernas, debido ás altas temperaturas, xa empezaban a sentirse algo doentes e expectantes, pois as peores costas estaban por vir. Subir e subir esas esgotantes liñas de asfalto croara, sen unha mísera sombra onde agochar a cabeza, a paisaxe parecía Castela, pero costa arriba... arriba!! Pouco a pouco fomos pasando lugares como O Moucho, Fragoso, A Pena, cruzando o alto de Marco Afrende, a uns 600 m de altitude. Por último baixamos por Meavia, O Cruceiro e Rozados antes de chegar ao noso destino: Forcarei.

Arredor das 6:45, ou sexa once horas dende que saíramos á mañanciña. De seguido uns poucos exercicios de estiramento, e como case sempre concluímos tomando unhas cervexas e dispensando algunha que outra anécdota da viaxe, dando por concluído un episodio máis do noso andar.

Entrevista a...

Santi Nieto

Santiago Nieto naceu no Cruceiro (Santo Ourense) en 1965. Estudou primaria no colexio da Serra, bacharelato en Noia e, despois, Filosofía e Ciencias da Educación na Universidade de Santiago. No ano 2006 mediante un concurso-oposición libre converteuse entécnico dinamizador xuvenil e cultural do Concello de Outes, praza que actualmente segue ocupando.

Cóntanos como foron os teus inicios no mundo da cultura.

Ó remata-la carreira constituímos Anuska Mariño, María Vázquez, e mais eu, que era o presidente, unha asociación xuvenil e cultural chamada Colectivo do Lecer, que ofrecía ós concellos da comarca programas de actividade sociocultural: reciclaxe de papel, teatro, medioambiente... destinados a diferentes colectivos (infantil/xuvenil, mocidade, maiores, mestres/as etc.).

Algunha outra experiencia?

Tamén creamos un taller de reciclaxe de papel na Cepa (Santo Ourense), chamado D'Papel, no cal elaborabamos carpetas, álbums, cadernos, convites de vodas, cartas para restaurantes... e que comercializabamos por toda a Galiza en tendas de artesanía.

E o teu primeiro traballo como técnico de cultura?

Xurdíume en 1994, para o Concello de Vedra, impartindo cursos do Plan de formación e inserción profesional da Xunta –Plan FIP–, que estaba destinado a persoas maiores de 18 anos en paro e interesadas en entrar no ámbito da animación sociocultural como unha canle para a inserción laboral.

Cando empezaches a traballar para o Concello de Outes?

En 1995 o Concello convocou un concurso-oposición para unha praza para implementar educación de persoas adultas, á cal me presentei e, tras gañala, contratoume para dar clases a maiores por tódalas parroquias.

E xa de inmediato empezaches como técnico de cultura, ou non?

Pois poderíase dicir que si, xa que me foron demandando máis funcións e, durante varios anos, fóronme ampliando os contratos con novas competencias, entre elas a de información xuvenil. A nosa base de operacións eran os baixos do centro social, no chamado centro xuvenil, onde xa me encargaron dentro das miñas funcións actividades culturais dirixidas á xente máis nova, persoas adultas etc., xunto con outras de medioambiente, turismo...

Que destacarías deses anos alí?

Traballabamos eu e algunhas persoas que contrataban segundo as necesidades sen infraestrutura ningunha (sempre había que traer doutros sitios cadeiras, tarimas, aparatos de son...), organizando charlas para a xuventude sobre saídas profesionais, Letras Galegas, actividades cos colexios, talleres sobre refugallo, campamentos fóra do concello; tamén facíamos con papel reciclado a sardiña para o seu enterro, talleres de escritura, exposicións... Pero o que eu salientaría por riba do resto é o Certame de Poesía Francisco Añón e o arranque do Outono Teatral.

A casa da cultura xa foi outra cousa, non?

Efectivamente, dende o ano 2000, cando se inaugurou a casa da cultura, xa puidemos dispoñer de moitas e mellores instalacións, escenario, butacas moi cómodas, sistema de son, espazos para as exposicións –o dispor de salas específicas facilita poder organizar mostras de maior



peso e envergadura-, aula de informática e incluso a biblioteca, que se trouxo para aquí dende os baixos do Concello e, fundamentalmente, persoal permanente, co cal se pode xa afrontar unha programación para todo o ano, que permite planificar mellor a actividade, organizar cursos e consolidar actividades como as das Letras Galegas, o Outono Teatral, o Certame de Poesía Francisco Añón e incluso actividades e talleres polas parroquias.

E déixanche liberdade para deseña-las actividades?

Neste sentido non me podo queixar, aínda que non tódalas actividades que propoño prosperan. Teño que dicir que sobre todo o que levo adiante é feito dende o meu criterio e apenas me limitan ou marcan directrices sobre o que teño que facer ou dende que perspectiva teño que afrontalo. Amais disto algo que valoro moi positivamente é que, cada ano, vexamos incrementados pouco a pouco os nosos orzamentos.

Explicanos cales desas actividades che dan máis traballo.

É un traballo do cal gozo e desfrute, vai isto por diante, pero se teño que nomear algúns sen dúbida o Outono Teatral e a organización do Francisco Añón de Poesía. O primeiro porque implica ver antes tódalas obras que se van representar, moitas delas obríganme a desprazamentos ou a visionar gravacións sempre fóra do meu horario laboral que non sempre resultan útiles, pois a miúdo hai que descartar pezas inadecuadas por incomprensíbeis, faltas de ritmo ou mal representadas e ese é un traballo tedioso. Amais disto que xa tes que ir preparando ó longo do ano, temos logo un prazo moi limitado para solicitalas, xa que nós, de momento, só pedimos a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña, o que obriga a que teñas que ter todo xa preparado para cando abra que che dea tempo a solicita-lo que queres. Teño que programar atendendo tódalas idades, o que implica que hai que afinar moito etc.

Co do Francisco Añón de Poesía, pois todo tramado supón contactar co xurado; as lecturas das obras; argalla-las dúas edicións: a compilatoria e a separata da persoa gañadora de maiores de 18, as probas de imprenta; prepara-lo acto do Día das Letras... Todo a ritmo frenético para ter todo listo ese 17 de maio.

Son as máis laboriosas pero tamén as que nos fornecen de moita enerxía para seguirmos adiante. Outras que arrancaron hai pouco e que tamén teñen o seu son o campo de traballo internacional, a xeira das familias ou os concertos de verán na Horta do Muíño.

No tocante ó teatro, creo que se debería cobrar pola entrada.

Por que cres que se debería cobra-la entrada ó teatro?

Estou moi orgulloso co éxito de público e mais de conseguir que se ampliara a temporada teatral de setembro ó Nadal, con algunha fin de semana incluso, sábado e domingo, con programación. Pero debería cobrarse, aínda que fose un prezo simbólico de 2 ou 3 €. O primeiro é porque vén moita xente de fóra: de sitios onde non hai apenas teatro, ou de sitios onde teñen que pagar 6 ou 9 € ou incluso 12 €, ou máis, e aquí téñeno gratis, co que iso supón de completa-la cabida en cada sesión, o que implica que moita xente de Outes teña que quedar fóra por falta de sitio, co conseguinte enfado co persoal da casa da cultura, que ten que cumprir estritamente co que marca a lei sobre os cabementos en espectáculos públicos. En segundo lugar, porque a xente valoraría máis o teatro e nós non teríamos que estar en cada sesión chamando a atención ás persoas a quen non lles interesa a obra e que se poñen a falar entre elas ou polo móbil etc.

Capítulo á parte é o dos campamentos urbanos. Cóntanos algo.

Estes campamentos de verán iniciáronse hai máis de 20 anos para nenos e nenas dende infantil ata 16 anos durante os 15 días previos ás festas do Santiaguíño en horario de mañá e tarde. Nos últimos anos atendemos unha media que está por debaixo das 200 rapazas e rapaces, pero o principio apuntábanse máis de 300, xa que apenas había competencia en toda a zona.

Debido ó descenso da natalidade, é de supoñer.

Eu creo que inciden varios factores. Hai maior oferta, concellos en que non había propostas deste tipo comezaron a implementala. Os horarios, ó meu xeito de ver, non se axustan ó que debería se-la conciliación familiar e laboral. Deberíamos atender mellor as necesidades dos pais e nais que teñen que traballar e non poden trae-los nenos ou nenas á hora en que nós as recibimos; ó meu xeito de ver, debería eliminarse o horario de tarde, pois moitas familias levan os/as fillos/as á praia e xa non os traen aquí, e pola contra amplía-lo horario de mañá, cun servizo que permitisea pais e nais concilia-lo seu horario laboral, servizo de madrugada e amplía-los días de campamento: máis días, durante tódalas mañás do mes de xullo, por exemplo.

Que outras cousas cres que deberían cambiar?

Boto moito de menos unha interacción máis fluída entre os centros de ensino e a casa da cultura. Paréceme que, de establecer unha relación de colaboración entre os dous ámbitos, crearíamos unha cidadanía máis comprometida e implicada co seu medio e os servizos públicos. Gustaríame que esa relación entre o ensino e o centro sociocultural se estendese máis alá do horario lectivo; que o alumnado soubera que servizos ten ó seu dispor e que os empregase, participando así na vida social da colectividade. Creo que a colaboración debería ser permanente e intensa, para que as novas xeracións se interesasen pola cultura e, sobre todo, polos servizos públicos.

Por último, ademais de deseñar e desenvolver unha intensa actividade cultural, tamén escribes, verdade?

Un pouco si, pero para min. Publicado non teño moito. Varias colaboracións coa vosa revista, co *Anuario da gaita* da Deputación de Ourense, a *Motora* de Esteiro e a participación nun libro sobre Añón xunto con Pilar Sampedro e Ramón Blanco, dirixido primordialmente ó mundo escolar, titulado *Francisco Añón. Aproximación didáctica*, editado por Toxosoutos en 2005, así como a elaboración da *Guía da exposición* sobre Francisco Añón do Concello de Outes en 2004; ou o itinerario literario *Polas Terras de Añón*, que argallamos conxuntamente os tres.

Tamén teño publicado un relato no libro *Relatos para Noia* da editorial Toxosoutos, ou unha miniguía do concello de Outes, en 2017, titulada *Outes esencial*, a modo de itinerario turístico co máis salientábel do concello, para unha visita de dous días pola nosa contorna.

CERTAME DE POESÍA FRANCISCO AÑÓN

O Certame de Poesía Francisco Añón para nós é un dos máis logrados éxitos do concello de Outes. Fálanos dos seus inicios.

O Certame de Poesía Francisco Añón botou a andar no ano 1997 como unha canle dinamizadora que dese pulo a todas aquelas persoas con inquiredanzas na poesía. Tiñamos un autor senlleiro e era o arranque perfecto para reivindicar-la súa figura e, a través dela, promover-los novos talentos. Unificar tradición coa modernidade e os tempos actuais penso que é fundamental para non perder-la perspectiva. Nos seus comezos este concurso centrou o seu ámbito de actuación en escolares do municipio outense, pero tamén queríamos que a comarca toda o sentise como seu, e por ese motivo tamén intentamos, na medida do posíbel, ir tocando as persoas máis próximas á nosa contorna para motivalas a participar como xurado do Francisco Añón. Así foi como fomos tirando dos equipos de normalización lingüística dos centros escolares que formaban parte do premio Leixapren, dalgúns membros do profesorado dos institutos da educación secundaria e bacharelato máis próximos a Outes ou ávidos lectores. Por citar algúns nomes: Xosé Agrelo, Pilar Sampedro, David Pérez Iglesias, Valentina Formoso, Carme Martelo, Carlos Mosteiro, Ramón Blanco, Teresa Seara.

Que cousas foron cambiando?

Xa nos demos conta, despois do lanzamento da primeira edición, de que era preciso abrirse á comunidade galega sen excepción. E así foi como se aceptaron traballos escritos en lingua galega como única condición e dende aquela foi afianzándose edición a edición.

Por outra parte, pouco a pouco fóronse puíndo as bases, intentando facelas o máis equitativas posíbel para tódalas persoas concursantes, acoutando e unificando as categorías por idades, xuntando as que nos ían parecendo máis axeitadas á hora dunha valoración máis ecuánime entre as persoas participantes. E así se foi deseñando un certame único, dentro do panorama dos concursos de poesía galega, que recolle participantes dun amplo abano: escolares dende os seis anos, ata maiores sen límite de idade.

Da mesma maneira, ó constituír un premio de ámbito galego, tivemos que incorporar ós xurados un maior número de xente experta diferente, que nos poida dar unha valoración o máis certa posíbel para premialas mellores persoas concursantes de cada unha das categorías. Ese é o reto ano tras ano, por iso tamén a nómina de persoas que xa formaron parte do xurado nestas 23 edicións leva peso específico dabondo, como é o caso de Helena Villar, Marta Dacosta, Lupe Gómez, Yolanda Castaño, Paco Souto, Pilar Pallarés, Marica Campo, Mercedes Queixas, Leticia Costas, Ana Román, Susana Sánchez Aríns, Martín Veiga ou María Reimóndez, o cal lle confire un peso especial ó certame.

E o certame converteuse nun referente da poesía galega, non cres?

As persoas galardoadas nas diferentes edicións fannos sentir orgullo da creación deste premio que, en principio, naceu como plataforma de lanzamento das novas e novos poetas, e estámolo logrando á vista dos resultados que imos obtendo tras diferentes edicións do Francisco Añón. Por citar algúns nomes, temos entre a nómina de persoas galardoadas Enma Pedreira, Rosa Enríquez, Eli Ríos, Lara Dopazo, Olalla Tuñas ou Ismael Ramos, entre outras persoas. Algúns deles comezaron no Francisco Añón a abrirse portas no mundo da literatura galega actual e hoxe son un referente dentro da literatura galega contemporánea.



O ADN no Centro Social de Outes

Dr. Xosé M.^a Díos Díz

No pasado 23 de maio do 2019, clausurámo-las XIII Xornadas de Información Sociosanitaria de Outes. A conferencia-coloquio realizouna o Dr. Anxo Carracedo Álvarez (catedrático de Medicina Legal da USC) e levaba por título “Medidas personalizadas dende a xenómica e as súas aplicacións”. As sorpresas comezaron cando o profesor Carracedo fixo ADN en vivo e en directo: un amorodo batido co batedor, Fairy, alcol e unha copa estreita. Tod@s asombrad@s, puidemos ver uns fíos que o profesor confirmou que eran o ADN do amorodo...

E cal é o ADN das xornadas? Levámolas realizando en Outes dende hai 24 anos, e vai pola conferencia número 104. A resposta está na xente que acode a este evento e tamén en dar á cidadanía a posibilidade de coñecer enfermidades e procesos que nas consultas ordinarias de atención primaria é imposible realizar, pola falta de tempo e a masificación das consultas.

Así llo dixemos ó xerente da Atención Primaria da Área Sanitaria de Compostela, Dr. Felipe Calle (que veu á clausura do ciclo): que tal e como está nestes momentos a atención primaria na Galiza, onde a masificación de pacientes nas consultas é evidente, onde non se poñen @s substitut@s que corresponderían e @s compañeir@s teñen que face-lo seu traballo e o d@s que faltan, onde as listas de agarda para ser vist@ pol@ especialista son excesivas e cada persoa que o vive ben o sabe, témo-la posibilidade, no último xoves de mes, nos 8 meses do curso escolar, de ter unha persoa próxima, que pode, sen présas, explicárnolo tema do que falamos en cada conferencia-coloquio. Isto último dá pé a que a xente poida interpela-lo relator ou relatora sobre o que considere, e así poder profundar en temas que, como o do ADN e a xenómica, son difíciles de explicar nunha consulta ordinaria de atención primaria.

A xenómica é un campo interdisciplinario da ciencia dentro do campo da bioloxía molecular. Un xenoma é un conxunto completo de ADN dentro dunha soa célula dun organismo, e como tal, a xenómica enfócase na estrutura, función, evolución e mapa dos xenomas. As principais liñas de investigación comprenden a xenética forense, poboacional e evolutiva, e a xenética de enfermidades complexas, así como a mellora continua das tecnoloxías e metodoloxías na elaboración de novos fármacos.

Queremos agradecer ó Concello de Outes, ó centro social, ó centro de saúde, a ADISBISMUR (que realiza de forma artesá unha “Ponte do

Asistentes á Clausura das XIII Xornadas de Información Sociosanitarias.



Dr. Anxo Carracedo.



Ruso”, símbolo das xornadas e que se lle dá a cada persoa relatora), á Xerencia da Xestión Integrada de Compostela e á Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría, que colaboren con nós nesta aventura apaixonante, que permite acerca-los especialistas e as especialistas en diferentes materias á cidadanía. Queremos agradecer tamén a presenza das candidatas á alcaldía de Outes (Beatriz Molinos e M.^a Xosé Suarez: PP e BNG) que nos acompañaron na clausura, pois, como sabedes, o Concello participa na organización deste evento.

As xornadas comezaron en 25 de outubro co “Uso racional dos medicamentos”, conferencia en que nos falou Irene Zarra, xefa do servizo de farmacia do CHUS. Que teñamos coñecemento de como usa-los fármacos, as súas pautas de uso, o tempo que temos que utilizalos, os seus efectos secundarios, contraindicacións, como tomalos ou poñelos etc é algo que parece que todos sabemos, pero sobre o cal, cando nos toca ter que facelo, temos dúbidas. A inauguración foi por parte de Begoña Cobas, subdirectora de procesos sen ingresos da EOXI de Compostela e persoa moi vinculada a Outes.

No día 29 de novembro, a Dra. Luisa Lores, radióloga do Hospital de Pontevedra, falou de “Os estudos radiolóxicos e o seu efecto na saúde”: pensamos que face-las radiografías que precisamos é inocuo e a relatora díxonos que debemos facelas, pero con moito coidado, pois a radiación a que nos vemos expostos aumenta de forma exponencial con cada nova radiografía, o que a longo prazo pode ser prexudicial para as persoas.

No día 13 de decembro falamos coa responsábel de sanidade do grupo de En Marea no Parlamento galego, Eva Solla, quen falou de “A enfermía



O Dr. Carracedo trata de obter ADN dunha fresa coa axuda dunha alumna do IES Poeta Añón.

como fonte de saúde". Sacamos en conclusión que os profesionais do sistema sanitario son todos imprescindíbeis. En todos existen problemas parecidos relacionados co exceso de traballo pola falta de substitucións, pero realiza-lo traballo con profesionalidade é a mellor garantía de calidade.

Comezámolo ano 2019 e no día 31 de xaneiro falamos de "Enfermidades urolóxicas": o relator foi o Dr. Dios Diz, médico de Outes dende hai 32 anos, quen falou das enfermidades urolóxicas predominantes, tanto en homes coma en mulleres: prostatite, incontinencia urinaria, cistite, cancro de próstata etc. Aproveitamos este día, en que conmemorabámo-la conferencia número 100, para estar coa xente que acode habitualmente ás charlas, cuns petiscos na cafetería do centro social.

No día 28 de febreiro de 2019, tivemos unha das conferencias máis valentes que levamos realizado: "Eutanasia e o dereito a morrer dignamente". Foi impartida por Miguel Vieito, especialista en dereito sanitario e membro do Comité de Ética da Área Sanitaria de Compostela. Se a conferencia foi interesante e instrutiva, o coloquio posterior foino máis. As preguntas que se suscitaron co tema de Ramón Sampredo e outros casos relacionados leváronnos a ocupar máis tempo ca a propia conferencia.

No día 28 de marzo, falamos de algo que segue sendo a materia pendente do estado do benestar: "Lei de dependencia na Galiza". Realizouna Marta Capeáns, traballadora social, quen nos veu dicir que o que estaba chamado a se-lo 4º pilar do estado do benestar, despois da sanidade, a educación e as pensións, está falto de financiación e están sen cumprir case ningunha das expectativas que estaban postas nesta lei, por parte de moitas familias que ven como a Administración non cumpre o que por lei debería cumprir.

Outro tema tremendamente importante e por desgraza de actualidade de tódolos días, foi o da "Violencia de Xénero", tema que se tratou no día 11 de abril por parte da Dra. Carmen Varela, especialista de urxencias do CHUS. Se se dedicase máis diñeiro para os plans de actuación neste campo, outra sería a historia dun tema que ten inqueda toda unha sociedade. Os recursos, a educación sanitaria e as campañas de divulgación que se poidan realizar sempre son poucas para evitar un tema de máxima prioridade e dramatismo.


E no día 23 de maio de 2019 foi cando VÍMO-LO ADN EN VIVO E EN DIRECTO no centro social de Outes. O profesor Carracedo, futuro Premio Nobel de Medicina, disertou sobre un tema moi complexo, pero que con el ata parecía accesíbel a calquera de nós. As aplicacións da xenómica na medicina forense, nas enfermidades raras e na elaboración de novos medicamentos foron entendidas de forma clara grazas ó bo facer e explicar do Dr. Anxo Carracedo.

A clausura das xornadas realizárona a alcaldesa saínte de Outes e o xerente da Atención Primaria da Área Sanitaria de Compostela. As súas palabras foron de agradecemento e de compromiso coas xornadas.

...E xa estamos preparando as XIV Xornadas de Información Sociosanitaria de Outes. Temos relator@s, temos títulos de conferencias e témo-las ganas coma o primeiro día de seguir nunha aventura (única en toda Galiza e probablemente no Estado español) que, esperemos, dure moitos anos máis.

Animamos a tódolos colaboradores e colaboradoras e asistentes ás charlas a seguir participando nelas e a mante-la mesma ilusión que temos quen as realizamos. Ata outubro de 2019.

Dr. Felipe Calle, Beatriz Molinos, Dr. José Dios, Dr. Anxo Carracedo e Dr. José M. Gaciño na clausura das Xornadas.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tlf. 981 82 42 60

NOIA

Por unha mancha de votos!!

Ben, ao final pasou... No concello de Outes, despois dunha panchada de anos con goberno de dereitas, e alcaldes/desa de máis que dubidosa ideoloxía de dereitas... pasou. A xente, os outenses parece ser que lle perderon o medo ao cambio, mais o resultado final non é o que a priori se rumoreaba nos mentideiros orais de taberna e celtas curtos... Máis de un xa se vía co bastón de mando e na cadeira de brazos de castiñeiro; amodiño *bro*, que non é así como acabou a película, que non es tan bo como te cres (está ben pero ollo, que xogan máis ca ti nesta ruleta da fortuna).

O do PSOE, que saíu de entre as silvas, como quen non quere a cousa, tarde mal e arrastro, coma se levase toda a súa vida en política, que o coñecen na súa casa de milagre e pouco máis. A ansia de querer probar, que sei eu... Ideario que teñen os do PP, *grupito de joyitas* que pensaban que se ían xubilar no posto, pero a realidade é ben distinta e agora toca desacomodarse... Que carallo!... se tan listos sodes non teredes problemas, pois as amizades son para algo... Que hai que pagar moitos favores... supoñemos!! Pois a cobralos.

O BNG, pois tamén, por unha vez que teñen un candidato e fan campaña, saíron ben parados e recompensados; baixo o traballo está todo... e subindo! Sempre dende a humildade...

E que dicir de CxG. Eles tamén sabían que a subida que tiveron nas últimas votacións non era un ascenso real de por si, pois ao carecer dalgo novo por parte do BNG, os votos correran para eles, mais eran votos prestados... E aínda con todo chegaron aos cinco concelleiros, que está moi ben, cunha mancha de votos máis ca o PP (eses que tiñan a maquinaria, o partido etc.) e, con iso, tendo a opción de gobernar en solitario e con pactos puntuais (como eles din) cos outros grupos de esquerdas... Pois vale! Ah... unha reseña: ollo coas formas! As formas, eses pequenos detallitos...

A candidata do PP dixo que lle sorprendera a derrota, que tiña máis que claro que ía arrasar... Tanta confianza, sacada de non sei onde, pasou factura e deixou a máis de un coa boca aberta. E agora que?? Pois agora as cariñas dos que pensaban seguir chupando do bote, seguirán chupando do bote. Ou para que están os chiringuitos, chámense neste caso Deputacións, pois para seguir coa mesma temática, cobrar dietas por aquí, quilómetros por alí, boas nóminas e todo entre colegas, e punto pelota. Ou para que estamos neste *mundillo* cada vez máis clientelista, sendo un pouco fino, chamado política. Eh?? Ir por ir *tontería*!!

Con todo isto entra de paso nese mesmo ritual xente nova con gana de facer algo bo e distinto. Pois adiante. Mais, iso si, antes de criticalos con criterio, hai que deixalos que fagan cousas, que marquen a diferenza coas políticas que houbo ata o de agora, e despois xa falaremos. Pero primeiro deixar traballar e estar pendentes de se cambia algo, se hai iniciativa nesas pequenas cousas que o cidadán ve se a cousa cambiou ou é a mesma ladaíña, é dicir, o mesmo can con distinto colar!! Actitude e capacidade de primeiras parece que teñen de sobra os novos concelleiros de goberno, para variar. Mais tempo ao tempo, pois o que sexa de reseñar, para ben ou para mal, nestas liñas sairá sen a menor dúbida, alto e claro. *It's ok? It's clear!!*

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Silveirais no centro urbano !! Remanente dun goberno caduco.

ASÍ TAMPOUCO ...



Unha vista do estado de conservación do parque da Cruz. Todo a bravo!! Outro remanente.

NIN DE COÑA...



Na antiga hormigonera de Espiñeiro: neveras, carcacas de tv., rodas, cables, plásticos....un vertedoiro en toda regra, lindando co mar. Máis remanente.

Do cambio climático á emerxencia climática

Alba Calo Blanco



Fast-Fashion, moda rápida.

Xa dende pequenos estudamos na escola que é o cambio climático, que o provoca e cales son as súas consecuencias. Todos oímos falar do quecemento global e da subida das temperaturas, da escaseza de auga, do derretemento dos polos e do aumento do nivel do mar, da desaparición de certas especies etc. **Pero hoxe en día é moi optimista seguir nomeándoo “cambio” cando o que estamos vivindo é un estado de emerxencia climática.**

As novas xeracións xa non sabemos o que é o tempo estábel, sóanos a chinés iso que nos contan nosos avós de que antes, durante todo o inverno, ía un frío extremo e non paraba de chover, e que no verán, xa dende xuño, saía o sol e subían as temperaturas. Os límites entre estacións son cada vez máis difusos.

Actualmente a temperatura do planeta alcanzou unha subida de 1°C. No Acordo de París, realizado en 2015, estableceíase que o límite que tentariamos acadar sería de 2°C. O obxectivo actual é parar esta subida en 1,5°C. Son numerosísimos os beneficios de mante-la temperatura do planeta medio grao máis frío. Só quedan 11 anos ata 2030 para cambia-los nosos hábitos, as regulacións das industrias e as políticas dos países, ou xa será demasiado tarde. En 2030 deberíamos ser capaces de utiliza-la metade de combustíbeis fósiles que queimamos hoxe en día, e hai estudos que demostran que para 2050 podería ser posíbel un mundo cun 100% de enerxías renovábeis.

Xa non é suficiente só con que reciclemos, pechémo-la billa da auga cando estamos lavando os dentes ou nos duchemos en lugar de bañarnos. Fixemos oídos xordos do problema e agora ten unha solución que necesita de máis esforzo. A cuestión hoxe en día é produci-la mínima cantidade de residuos posíbeis por persoa. O movemento **zerowaste busca substituír por completo a inmensa cantidade de plásticos que usamos día a día por alternativas sinxelas que nun primeiro momento non se nos ocorrerían, porque non queren que nos fixemos nelas, pero que están aí.** Algúns exemplos son substituí-las pallas de plástico para tomar bebidas por unhas de metal, comprar a granel e reutilizar bolsas de tea, comprar cepillos de dentes de bambú, non utilizar vaixelas dun só uso, e nese caso utilizar pratos ou vasos de papel, investir nunha botella de aceiro reutilizábel, cambia-los tampóns por unha copa menstrual etc.

Reduci-las viaxes en avións e apostar polos trens sempre que sexa posíbel, votar en partidos políticos en cuxos programas este apartado sexa un punto esencial e ben desenvolvido, compartir esta información coas túas amizades e familiares, manifestarte e apoia-las enerxías renovábeis son outras maneiras de contribuír.

Debemos apoiar empresas que o estean facendo ben, apostando por enerxías limpas e polos dereitos humanos, e non axudar a soste outras que teñen o poder do cambio nas súas mans pero que non fan nada. Aquí o poder témoloo os consumidores, aínda que ás veces non sexamos conscientes. Invítovos a investigar sobre o que é a *fastfashion*, como repercute no planeta e na vida das persoas e o poder que empresas como Inditex teñen para frear isto, pero non cambian para seguir ingresando a mesma cantidade de millóns que non lle servirán de nada se acabamos co planeta, o único que temos.

Os mozos e mozas xogamos un papel moi importante neste asunto, que é importante para todos e que debería estar presente cada día nas nosas vidas. Temos voz e voto, debemos facer chegar isto ás outras xeracións e ser conscientes do problema, esforzándonos por mellora-los nosos hábitos e por repercutir nas políticas e na mentalidade das grandes empresas e industrias. Exemplos coma Greta Thunberg, sueca de 16 anos que chegou a dar un discurso na XIV Conferencia sobre o Cambio Climático das Nacións Unidas, demostran que as novas xeracións son claves neste proceso de coيدا-lo planeta. Non quedes parado. Fai todo o posíbel por un cambio real. Non o deixes para mañá porque che dea preguiza, estamos a falar de algo tan serio coma o planeta en que vivimos. Sen planeta ningún dos teus problemas cotiáns ou das túas aspiracións a longo prazo terán xa importancia. **Non hai segundas oportunidades, só temos unha Terra, e até agora non fomos máis ca o seu peor inimigo, ameazando con destruíla.**




ATLETISMO

Dúas brillantes athletas de Outes

No pasado sábado 1 de xuño, Sara Caamaño Caamaño (esquerda), do Club Atletismo Outes, quen no próximo mes de agosto fará nove anos, proclamouse campioa galega de lanzamento de peso na categoría benxamín nas pistas luguesas Gregorio Pérez Ri-

vera, cunha marca de 7.93 m, facendo historia non só para o seu club, senón tamén para Outes. Na mesma categoría, Marta Sieira Rama (dereita), tamén de oito anos, conseguiu a 10.^a posición ó lanza-lo peso a 6.02 m. Parabéns para ambas.



FÚTBOL

O fútbol na Ría de Muros e Noia. 1968-1971

Coincidindo coa segunda edición do 50º aniversario da Copa Ría de Muros, a comisión decidiu darlles continuidade ós actos iniciados no pasado ano, en marzo do actual, seguindo, pero dun xeito rotativo e celebrando competicións nos distintos concellos cuxos equipos participaron naqueles eventos. Se o ano pasado lle tocou a Esteiro acolle-la celebración deportiva conmemorativa da primeira

edición, nesta a comisión encargada dispuxo que sexa Outes o que acolla a segunda celebración. Cóntase coa aceptación da SRCD Esteirana e da xunta directiva do Outes, e esperamos que o terceiro equipo sexa o de Lira, que fora o campión da segunda edición no ano 1969. Cóntase tamén co afrecoemento xeneroso do presidente da Real Federación Galega de Fútbol e coa asistencia das autoridades locais,

cos xogadores xa veteranísimos que participaron nela e con todas aquelas persoas afeccionadas que nos queiran acompañar no campo do Cunchido, a finais de agosto ou primeira semana de setembro. No seu momento darase publicidade ós actos coa colocación de carteis anunciadores por tódolos concellos, e xa vos anticipámo-las grazas pola vosa máis ca segura asistencia.



Novas do mar

Xesús Mato



Nesta primeira metade do ano as actividades máis salientábeis realizadas pola **Terra de Outes** relacionadas co mar foron as seguintes:

Navegación en Muros con discapacitad@s visuais dentro do programa "**Senti-lo mar**": en realidade, foi a culminación deste programa que xa fixeramos no inverno en moi malas condicións climatolóxicas, que non permitiron saír a navegar; neste día de primeiros de maio tivemos máis sorte, e foi unha xornada moi interesante para @s nos@s patróns polas especiais características deste colectivo. Participaron coma na anterior ocasión tódalas asociacións mariñeiras da ría.

Colaboración na rodaxe da película *El Santa Isabel*. A produtora da película precisaba unha embarcación que puidese facer de bote salvavidas do buque e rodar algunhas escenas do naufraxio que se relata; a nosa nova buceta Donas asumiu este papel. Na praia de Cabanas, un día frío e chuvioso de abril, con ventos racheados do noroeste, dous patróns da **Terra de Outes**, vestidos de época, conseguen, non sen esforzo, cumprir con tódalas esixencias do intrépido guión.

Navegación con escolares. Por fin este ano logramos levar a termo un proxecto que tiñamos de vello: dar a coñecer á xente nova o patrimonio marítimo e a navegación de vela como

actividade de lecer. Na segunda metade do mes de maio, e coa colaboración do **Centro Náutico Municipal Francisco Rama "Fufú"**, fixemos dúas xornadas de navegación: a primeira, co alumnado de 3.º da **ESO do IES Poeta Añón**, no cal o Departamento de Educación Física recollía na súa programación anual unhas xornadas de navegación de vela en embarcacións tradicionais, polo cal contactou coa nosa asociación; e a segunda, en que tamén participou o **Centro Náutico de Portosín**, co alumnado de 1.º da ESO do **IES Praia de Barraña**, de Boiro, dentro da actividade "**Xogando co mar e o vento**", que organiza o Departamento de Educación Física deste centro. O entusiasmo amosado por estes navegantes miúdos foi unha ledicia para os patróns. Esperamos darlle no futuro estabilidade a este tipo de colaboración cos centros escolares da contorna, e implicar nestas actividades as outras asociacións de **Culturmar** da ría.



V Curso de Navegación de Vela en Embarcacións Tradicionais, coma nos anteriores, en colaboración coa **Asociación Mar de Muros** e o **Centro Náutico Municipal**. Como novidade este ano había unha embarcación máis: a buceta Donas, na cal os e as participantes fixeron prácticas no manexo do remo. Inscribíronse no curso máis de 20 persoas e algunhas delas xa son agora parte do nosa asociación.

Bos ventos que ultimamente veñen de popa.

De Nixon e China a Boris e o Brexit: anotacións

Manuel do Río

No mundo anglosaxón hai un proverbio contemporáneo e moi popular cando se fala de política: traducido, vén dicir que “Só Nixon podía viaxar á China”. Para aqueles máis novos aos que o contexto lles poida resultar alleo, diríamos que Richard Nixon, que foi presidente Republicano dos Estados Unidos nos anos 70, foi o que, malia o seu furibundo anticomunismo, restableceu relacións diplomáticas coa China Comunista; tal recoñecemento só podía vir da man dun político das súas características, xa que un Demócrata tentando o mesmo atoparíase coa oposición radical e inamovíbel do outro partido, e con acusacións de complicidade ideolóxica cos ‘roxos’. O proverbio sintetiza, pois, esa verdade universal de que medidas políticas audaces e chocantes só as poden levar a bo termo os seus aparentes detractores e opositores, nun exercicio de pragmatismo e interese de estado por riba das ideoloxías e dos sectarismos



Collendo outro proverbio, dicía Marx (n’O 18 Brumario) que a Historia sempre se

repite, primeiro como traxedia e logo como farsa. Tal parece ser o caso do Brexit, onde Boris Johnson, ben coñecido como personaxe excéntrico e bufonesco onde os haxa (este curso aínda tiven oportunidade de ensinalle aos meus alumnos o vídeo de cando ficou comicamente pendurado dun aramio nun acto de cando era alcalde de Londres) e digno compañeiro de Trump na escena internacional, parece destinado a converterse no seguinte Primeiro Ministro e no piloto do éxodo británico da Unión Europea, que, se non hai grandes novidades, acontecerá no seguinte Samaín, data tamén acaída para sacar aos monstros e pantasmas do armario. Un interesante artigo publicado recentemente na revista *Político* define a situación de xeito preciso: “Boris é o líder que Gran Bretaña merece: só un pallaso pode consumir o Brexit”.

Nalgunha ocasión previa falamos algo da complexa causoloxía que está detrás da secesión dos ingleses do proxecto común: nostalgias imperiais, mentalidade e cultura máis mercantil, librecambista e menos reguladora e unificadora que a continental (ver a UE como só un mercado común, e nunca como un xérmolo dos EEUU de Europa), profunda insatisfacción de amplos sectores das clases obreiras medio-baixas coas consecuencias negativas da globalización e a perda de postos de traballo pouco cualificados, que se visualiza e culpabiliza doadamente nas burocracias da UE e nos seus emigrantes ás illas. É unha enfermidade que non só lles afecta a eles: os problemas e estancamentos do vello continente están a xerar, como é ben visíbel, unha vaga populista, maiormente conservadora, con éxitos de maior ou menor grao en case tódolos estados da UE.

Cando a política racional, se é que algunha vez existiu, salta pola xanela, entran pola porta o narcisismo e o espectáculo, ou unha certa evolución cara ao que os antigos gregos pensaban

que era o destino final das democracias: a demagogia (Aristóteles) e a oclocracia (Polibio).



Agora que o Reino Unido está a piques de coroar a Boris e de solicitarlle o imposíbel (que produza un Brexit no que poidan crer e co que estar satisfeitos os británicos), rematemos cunha reflexión melancólica, coma a do *Ricardo II* de Shakespeare cando perde a coroa e se laia en alto das súas desgrazas (“Let’s talk of graves, of worms, of epitaphs”), e que fai de coro ás dunha Inglaterra actual que está frustrada consigo mesma e o seu lugar no mundo, e que decide un tanto insensatamente dispararse no pé e saír nas peores condicións do bloque comercial máis exitoso da historia moderna. Reflexionemos, porque como dicíamos enriba, ás outras potencias europeas tamén se lles aplica a mesma enfermidade e os mesmos síntomas –agardemos que non as mesmas consecuencias–. *De te fabula narratur!*

Adeus a come-lo caldo

Xosé Carlos Gz Añón

Na reforma das normas oficiais da lingua galega do ano 2003 incluíuse unha novidade aparentemente irrelevante que, porén, está a provoca-la desaparición dunha característica moi propia do noso idioma nas terras de Outes e en toda a Galiza: a chamada variante alomórfica ou segunda forma do artigo (*come-lo caldo, collerémo-lo bus...*). Tanto antes coma despois de 2003, pódese optar por escribir *come-lo caldo* ou *comer o caldo*. Pero nese ano eliminouse a recomendación que se facía antes a prol da forma con *-LO/-LA* e pasouse a recomendar non escribirla. Incluso moita xente cre, equivocadamente, que a normativa oficial prohibe agora a súa escrita, e non é pouca a que leva a desfeita ata escribir mesmo **por o*, **por a* (ignorando que *polo/a*, xunto con *u-lo/a*, son os únicos supostos onde, antes e agora, a escrita da segunda forma é obrigatoria -os asteriscos marcan incorreccións-).

En todo caso, este detalle, un troco en principio inocente da recomendación, levou a que a segunda forma do artigo fose eliminada da escrita practicamente en tódalas partes: documentos oficiais, organismos públicos e privados, libros de texto, medios de comunicación; e mesmo case que non se ensina na escola. O estudantado galego pode hoxe remata-lo instituto sen coñecerla.

Moita xente tenta xustificalo alegando que usa-la forma con guión é difícil (será que somos máis torpes ca outros pobos cuxas linguas utilizan guiños continuamente?) e que, ademais, a outra forma (*comer o caldo*) facilita a aprendizaxe de neofalantes que veñen, principalmente, do castelán (sen comentarios). Con todo, que tales explicacións resulten inaceptábeis non quita para recoñecermos que existen, si, incoherencias, mais precisamente polo contrario, xa que a regra de evita-lo guiño nalgúns casos da segunda forma do artigo (*ámbalas, tódolos, trala, mailo, pola...*) é seguramente un erro que produce diverxencias innecesarias: sería mellor, pois, unificarlo criterio (*ámba-las, tódó-los, tra-la, mai-lo...* incluso *po-la* e *po-lo...*).

Ó final, a situación tras 2003 leva inevitabelmente á extinción da forma máis enxebre. Aínda que, paradoxalmente, a única pronuncia recomendada segue a ser *colle-lo bus*, esta pronuncia estase a perder rapidamente a prol da que se corresponde coa que todo o mundo escribe agora (*coller o bus*).

Efectivamente, a Academia Galega recoñece, de xeito asinado, que (á parte de supostos excepcionais de pausas na fala) a chamada *segunda forma* é a forma propia que debemos pronunciar, mais, nun exercicio insólito de incoherencia manifesta, recomenda ó mesmo tempo non escribirla. É o único caso na normativa oficial en que habería que ler e *pronunciar unha letra (l)* que non aparece escrita (ademais de ignorar outra, *r* ou *s*, que si aparece). Por suposto, case ningún o fai: probemos a escoitar, por exemplo, as locutoras e locutores da televisión ou da radio. E nas escolas, a maioría do profesorado pecha os ollos no que se refire á fala: despois de ensinar a escribir dunha forma, sería perde-lo tempo intentar que o alumnado pronuncie doutra, pois, en todo o demais, a norma oficial baséase nunha lectura claramente fonética (non é o caso do inglés ou o francés).

Por suposto, non existe, nin pode existir, en ningunha lingua unha concordancia total entre a escrita e a fala, pero neste caso trátase dunha decisión arbitraria que provoca voluntariamente unha diverxencia que non tiña por que se producir e que é absolutamente anómala, como acabamos de indicar. Ademais, a segunda forma do artigo non é realmente unha variación fonética, unha maneira de pronunciar (como ocorre en *muíño/moiño, para/pra, coa/ca* e moitas máis), senón unha orixinalidade morfolóxica¹, moito máis importante polo tanto, e polo tanto moito máis inxustificábel a súa non representación escrita.

Na práctica acábase producindo unha castelanización máis (unha soa forma coma no castelán, o cal, lamentabelmente, propicia o seu éxito: son indicativas, como xa dixemos, as frecuentes loanzas á recomendación normativa por facer máis doada a aprendizaxe das persoas castelanfalantes), malia que a reforma de 2003 neste punto fose impulsada por grupos que presumen de loitar contra iso². Indutores tamén, tales grupos, da substitución da contracción *ó* por *ao*, cunhas consecuencias semellantes: a pronuncia desa contracción debe ser sempre, di a normativa, *ó* (un *o* aberto), escriba como se escriba (*ó* ou *ao*), mais cada vez máis xente inclúe abertamente na pronuncia o *a*, por velo así escrito (*ao*).

E na representación escrita da segunda forma do artigo está hoxe o destino desta forma que nos acompañou sempre. Por riba doutros diversos factores que poden influír, no galego actual, se se escribe, conservárase sen dúbida (superando de paso tódalas outras dificultades que se opoñen), e se non se escribe, desaparecerá rápida e inexorabelmente (por moita suposta vontade que haxa de que non ocorra tal). E, de desaparecer, perderíamos moito. A importancia da segunda forma é quizais intanxíbel, mais moito maior do que di algunha xente (porque, talvez, nunca a usaron?). As



persoas que nos desenvolvemos no "*bilingüismo*" (en realidade, *diglosia*) que nos define, sempre puidemos percibir, grazas especialmente á segunda forma do artigo (e algúns outros fenómenos como o infinitivo conxugado ou o sistema vocálico), que no interior do galego había unha forte identidade propia e non era só unha sucesión de palabras que se podían intercambiar mecanicamente (ben ou mal) polas correspondentes do castelán.

É certo tamén que a nosa lingua ten hoxe outros moitos problemas, mesmo de supervivencia, provocados, nos máis dos casos, pola presión do castelán e a indiferenza da propia xente galega. Mais o caso da segunda forma do artigo é peculiar, ó se tratar dunha solución orixinal do galego, única dentro das linguas románicas, e que por iso aínda máis deberíamos *poñer en valor*, ou polo menos non facilita-la súa desaparición como se fixo en 2003.

Máis precisamente, é orixinal do galego-portugués medieval e continúa ata hoxe. Como demostra o *Atlas lingüístico galego*, contrariamente ó que algunha xente pretende alegar (e contrariamente tamén á chamada *terceira forma*, que consistiría, simplificando moito a explicación, en muda-lo *n* velar final de palabra por un *n* alveolar: *Son as mozas* –pronunciado "*Sonas mozas*"–), a segunda forma do artigo abrangue practicamente todo o territorio galego. A súa desaparición das zonas de Portugal onde aínda se usaba non hai moito (principalmente do norte, ou sexa, do Portugal máis galego) é unha confirmación empírica do que aquí estamos a expoñer: a súa ausencia na escrita provoca irremediabelmente, nos tempos actuais en que a xente está alfabetizada, a súa extinción na fala.

Ademais, resolver este problema dependería principalmente da vontade das persoas que teñen competencia na regulación da súa escrita, polo cal resultaría moito máis sinxelo do que, desafortunadamente, ocorre na maioría dos outros estragos (incorrecta colocación dos pronomes, tempos compostos con *haber* etc. etc. etc.).

De feito, a evolución natural seguramente non levaría a que a segunda forma do artigo se extinguise, como non o fixo en séculos. Polo tanto, podemos dicir que a desaparición desta forma xenuína e milenaria da Galiza non vai ser por morte natural, senón por execución. E as persoas que asinaron a sentenza en 2003 son precisamente as responsábeis de defende-lo galego. Se mirasen de rectificar sen rompe-lo consenso acadado³ pode que aínda chegásemos a tempo de collérmo-lo bus, e de volvermos come-lo caldo.

1. É unha forma do artigo, non unha maneira de pronunciar: en realidade, o artigo conservouse aquí na súa forma primitiva (*lo, la...*). Comparábel, por exemplo, coas variacións do pronome átono, cuestión igualmente morfolóxica, mais na cal, pola contra, tódalas normas obrigan á súa representación escrita (*Vou facelo esta tarde*; aí ningún propón escribir "*Vou facer o esta tarde*"). Parece que só aceptámo-las regras que temos asumidas por velas no castelán (ou, segundo quen, no portugués estándar), mais non o que é diferente e máis propiamente noso. Evidentemente, a comparación exposta ten matices: é máis estreita a relación do verbo co pronome átono ca co artigo, así que na norma oficial se podería xustificar que esta leve un guiño separador (*colle-lo bus*) e aquela non (*collelo*).

2. Así a todo, a loita (contra as castelanizacións) dos grupos impulsores mencionados, chamados ás veces *reintegracionistas de mínimos*, non pode negarse noutros casos. Algo similar podemos dicir sobre os movementos reintegracionistas (*de máximos*) excluídos do consenso de 2003, os cales, máis pendentes aquí, polo que semella, do estándar portugués ca de protexeren unha forma propia, sempre se opuxeron, con pretextos variados, a representar na escrita a segunda forma do artigo. Parecen non querer ver que en realidade esa escrita, incluso na normativa reintegracionista ou internacional, non rompería a unidade lingüística que defenden: *Vás colhê-las flores?* *Si, vou colhê-las*; a regra sería universal e, como se ve no exemplo, coherente con esa ortografía, semellante á do pronome (*v*, a nota anterior), aínda que no artigo só se usaría, loxicamente, nos lugares onde tal fenómeno existe, ou sexa, na Galiza. Así que, miremos cara a onde miremos, reintegracionistas, oficialistas ou *mediopensionistas*, o escenario para a segunda forma do artigo resulta desolador.

3. Unha suxestión para renova-lo consenso, coa cal entendemos que o galego xenuíno saíra reforzado, sería a de volver recomenda-la segunda forma escrita ó mesmo tempo que xeneraliza-los sufixos *-zón* e similares (*nazón, orazón...*), reivindicación (*reivindicazón*) histórica dos grupos mencionados na nota 2.^a e doutra moita xente, que consideran que os actualmente oficiais (*ción...*) son propios dun galego castelanizado.

NENOS

A sociedade que non sabe coida-los seus pequenos pouco pode agardar do futuro.

Estou esperto.

Unha rúa estreita en penumbra. Xente dun lado para outro. Xente anónima. Calada. Corpos famentos tirados no chan. Corpos de nenos cos ollos moi abertos. Ollar estupefacto. Nenos pedindo imposibles

á xente que pasa. Xente coa expresión ocupada no rostro baleirado

Unha rúa ancha con moita luz e escaparates luminosos. Xente dun lado para outro. Xente buliciosa que non olla. Nenos afastados cos ollos atentos no móbil. Ollar febril. Nenos roubados. Noutros espazos e tempos que a xente reverencia apampada.

Espertei, tristeiro.

Eloy Hervella

Antonio Fraguas. Mestre da memoria.

Malores Villanueva Gesteira


Editorial Galaxia, 2019

Este ano 2019 e con motivo da festa grande das letras galegas, a Real Academia Galega seleccionou a D. Antonio Fraguas Fraguas para ser homenaxeado o 17 de maio e enche-lo país de actividades que nos acercan á figura deste autor.

Unha boa maneira de coñece-la vida e o legado de Fraguas é a lectura da biografía deste polifacético mestre, historiador, xeógrafo, etnógrafo que “milita” na defensa da cultura e política galegas e que hoxe recolle esta sección de “Lecturas recomendadas”.

Malores Villanueva escolle para este libro un título con dúas palabras acertadas para nos adentrar no fundamental da vida de D. Antonio: Mestre e Memoria. A incuestionábel entrega do homenaxeado á docencia con métodos innovadores (entendía o ensino como “aprender a aprender”) así como o seu legado a través de ensaios, estudos, publicacións e demais contribucións intelectuais que serán a memoria etnográfica e cultural da Galiza.

Mestre da memoria é a esencia na vida deste galeguista. Da man da autora da biografía, e cun extenso traballo de investigación referenciado no libro (cartas, conversas, documentación en arquivos, bibliotecas e hemerotecas), imos percorre-la vida de Fraguas de xeito cronolóxico que nos leva dende a infancia na súa Cotobade natal, pasa por Pontevedra, onde estuda o bacharelato, ata o final dos seus días en Santiago (onde viviu e exerceu a maior parte da súa vida).



Neste percorrido vital, D. Antonio exerce o maxisterio na Estrada e en Lugo, pero non só impartiu docencia, senón que ademais estivo sempre comprometido coa cultura galega e mesmo como activista político, militando no Partido Galeguista e implicándose na defensa do Estatuto de Autonomía. A súa estadía como mestre na Estrada coincide co levantamento do exército fascista no 36. A ditadura trunca os soños do mestre mozo, apartándoo da docencia. A autora do libro relata este episodio nun capítulo titulado “Os anos do horror”, intenso e minucioso, e cun relato claro fainos partícipes daquel terror e inxustiza en que vivían Fraguas e outros galeguistas.

Canto á importancia do home impulsor da cultura galega, Malores Villanueva describénolo incansábel labor científico de D. Antonio. Colabora e traballa nas Irmandades da Fala de Santiago, Seminario de Estudos Galegos, Instituto Padre Sarmiento, Padroado Rosalía de Castro, Museo do Pobo Galego, Consello da Cultura Galega... mesmo entra na Real Academia Galega ocupando o lugar que deixa baleiro Castelao. A inmensidade do traballo que leva a cabo Fraguas ten como obxectivo a recuperación e proxección da cultura galega, que é unha constante na lectura desta biografía.

Malores Villanueva mostra, con esta biografía de lectura moi amena, a viaxe por unha vida intensa e emocionante, a do profesor e investigador D. Antonio Fraguas Fraguas, para nos acercar tamén a unha persoa de trato afábel e xentil que tivo un novo recoñecemento este ano 2019 como homenaxeado das Letras Galegas. Ler esta biografía tamén é un acto que celebramos na honra deste home galego, bo e xeneroso.

Lidia Vicente

PRANTO POR ÍCARO

Quen chega a Consos polo camiño que vén de Sambade, bate primeiro coa casa do Ferreiro e se cadra estar el na porta ha convidalo a un viño, que o ten moi fresco e ledó.

O Ferreiro chámase Renato, Renato Tourón, dos Tourón de Sarria. O Ferreiro, se as cuncas e a conversa se prolongan, halle ensina-la forxa. Enriba da zafra, unha peza aínda a medio mallar déixase comer lentamente pola ferruxe. Tentará un que non se note que olla outra vez as mans desfeitas do Ferreiro, e el, animado polo viño e a compañía, seguirá co relato da súa desgraza. Chegara o Ferreiro a Consos ó chamamento do marqués porque tiña a parroquia, que era toda del, falla de quen amañase as rellas, as aixadas, os fouciños. Caeulle en graza ó marqués, que tamén era mozo novo, “simpático joven propietario” chamáballe o xornal da comarca, e máis dunha botella baleiraron xuntos na casa da Monfortina, á parte de ocuparse con algunha das pupilas. O Renato e o Mino, vaía par.

Pero a promiscuidade social rematara coa chegada da Oriana ás súas vidas. A filla do americano nada quixo saber do marqués e acabou quedando co Ferreiro. O marqués non aceptou o convite á voda e, no seguinte encontro dos dous amigos, saudou o Renato, que o marqués pretendía non ver:

-Ola, Mino.

-Don Maximino para ti.

Quedou aí a cousa e a tensión pareceu minguar cando o marqués casou á súa vez cunha dama da alta burguesía da Coruña, sen título, pero con moito capital.

A casa da Oriana e o Renato era de fartura pero empecía a súa felicidade que a descendencia se malograse en sucesivos abortos. Cando por fin chegou o Ignacio, o médico sentenciou que non habería máis. Era abondo. Ó son do martelo mallando no ferro sumábanse os choros e berros de alegría do pequeno que no había máis para onde ir.

Medraba o Ignacio forte e intelixente. Cando puido empuña-lo martelo, aprendeu decontado tódolos saberes do oficio do pai. Se non estudaba ou axudaba na forxa ou na horta, compartía trasnadas cos outros cativos e cativas da aldea, entre quen se contaba a Xulia, a primoxénita de don Maximino. O marqués rosmaba, pero deixaba facer. Son rapaces, dicía. O tempo pasaba e os fillos dos antigos amigos facíanse inseparábeis ata o punto de que aquela relación non podía prosperar e había que coutala antes de que chegase a máis. O Ignacio ía estudar fóra con recomendacións do marqués e coa distancia esquecería a Xulia. Así o acordaron. Durante máis dun ano estivo escribindo, pero as súas cartas nunca chegaron a mans da moza nin as dela a el, coidadosamente eliminadas polo terratenente. As visitas á aldea coincidían sempre con viaxes da Xulia á casa dalgún parente.

Para cando rematou os estudos de enxeñeiro, parecía que o Ignacio esquecera aquel amor xuvenil. Volveu á aldea cheo de enerxía. Traía ideas de modernidade e liberdade, de ter frecuentado o Círculo Obreiro. Falaba de instalar unha turbina no regato para xerar electricidade coa cal traer motores á forxa e iluminación. Falaba de facer



cooperativas para mellora-la produción e vender mellor as colleitas. Organizou un sindicato de xornaleiros que se reunía ás noites no almacén da forxa, cedido con agrado polo Ferreiro. O marqués rosmaba. O cura botaba lume nos sermóns.

E o peor era que nin el esquecera a Xulia, nin a Xulia el. Víanse ás agochadas e amábanse polos currunchos verdes se facía bo ou no almacén, resoante a revolución social, cando non. Levábano coa máxima discreción, pero os seus encontros acabaron chegando a oídos do marqués. Convocou ó Ferreiro e este comprometeuse a tentar disuadi-lo fillo daquela relación. Falar, falou con el, mais foi como pedir que o mar seque. O Renato comprendeu as razóns do Ignacio porque non esquecía cando o seu amor pola Oriana aínda non amansara. Así, non só deixou de instalar a abandonar, senón que cubriu os seus encontros secretos.

Porén, non puideron gardar en segredo por moito máis tempo o que xa se descubrira. E chegou a guerra, e coa guerra a impunidade, e coa impunidade a ocasión de vinganza que o marqués levaba case un cuarto de século agardando. O Ignacio atrapárono cando acudía a unha reunión clandestina co que quedaba do sindicato. Entre o marqués, un seu capataz e dous matóns que trouxera a propósito da vila, mallaron nel toda a noite para acabar pegándolle un tiro na cabeza antes de tiralo nun pozo do regato. Despois presentáronse na forxa e quebráronlle os dedos ó Renato un a un mentres lle contaban cada tortura do fillo. A Oriana fíxolle as curas como puido porque o marqués prohibira a ningún médico atendelo. Despois, foise apagando ata deixar en pouco tempo o Renato con toda a súa dor e a súa soidade.

O Ferreiro pousará a man desfeita sobre a zafra e rematará: - Durante moitos anos, dicíame “Poidan estas mans forxa-lo coitelo que dea morte ó Mino”, pero a forza nunca volveu e xa nunca volverá. Quedame o consolo de que aínda que casou a Xulia cun señorito de mans brancas, o neto do marqués é un Tourón. Quen chega a Consos polo camiño que vén de Sambade, sairá da casa do Ferreiro xa coa noite asomando os cornos por atrás das últimas casas.

Henrique Álvarez

As notas do estudante Añón

Ramón Blanco

Chegado o verán veñen canda el as degoxadas vacacións escolares, longas tardes de xogos e troula para os estudantes. Coma calquera rapaz, o noso poeta sentiu a chamada da natureza á hora de xogar, “Argallando e brincando n’a pradeira/ Como bravos cabirtos montaraces” (“Recordos d’a Infancia”, vv. 104-105), e viviu alegres foliadas “(...) n’as noites d’o bran ó libre vento” (Idem, v. 151). Mais o mesmo libre vento estival fai voar, hoxe como daquela, as follas (xa non tan libres) dos boletíns coas cualificacións, a miúdo tan temidas. Imos *repasar* (verbo maldito na xerga escolar) neste artigo as etapas estudiantís de Francisco Añón.

A súa infancia transcorreu a carón das brañas de Boel, regadas polo Tins, no ambiente rural que aínda na actualidade nos é algo familiar aos outenses, e que naquela altura malamente era permeábel ao sistema educativo, tan pouco organizado. Aínda así, a Igrexa tivo un papel fundamental ao longo do século XIX, ocupándose da educación nas sancristías, nos mosteiros ou nos conventos. E este debeu ser o caso do Poeta Añón; sendo como era afillado do cura de San Pedro de Outes, Francisco Ossorio León, non sería estraño que fose este quen lle ensinase as primeiras letras, do mesmo xeito (e podémolo afirmar con máis seguridade) que sería quen o encamiñase máis tarde a estudar no seminario, que naquel tempo era o cauce natural para o ascenso social. Podemos imaxinar que lle aprendería nocións básicas das linguas española e clásicas, aritmética, doutrina cristiá... E aínda contamos cun testemuño epistolar, asinado polo propio poeta, onde reivindica como mestre outro cura: Domingo Martínez. Non é logo casual que os dous pertencen ao clero. Inda que ben puidese ser que o primeiro educador fose un daqueles escolantes de ferrado (porque cobraban un ferrado dun produto agrícola por cada alumno ou alumna) que ensinaban nas aldeas, só no inverno, cando o traballo do campo era menor e a rapazada podía asistir ás aulas, que en realidade eran cubertos, cociñas etc.

O conto é que xa con dezasete anos ingresa, como “pretendiente pobre para beca”, no Seminario Conciliar de Santiago en 1829 (o mesmo ano no que foi fundado polo arcebispo frei Rafael de Vélez, colaborador de sona coas partidas carlistas de Galiza). En 1828 xa presentara unha instancia dirixida ao reitor e ao claustro da Universidade de Santiago de Compostela solicitando unha bolsa para estudar no Colexio de San Xerome, aducindo os poucos recursos económicos dos pais (lembremos que, aínda que fosen campesiños, tiñan unha boa consideración social e, de por parte, eran compadres dun sacerdote, polo que non debemos descartar que mediase algún tipo de recomendación; de feito, cando pretenda a bolsa de 1829, quen certifica a suposta pobreza dos pais é -sorpresa- o propio cura). Mais será no Seminario Conciliar (sito por aquel tempo no antigo Colexio Maior de San Clemente) onde comece, xa algo grandeiro, a súa formación regrada. Xosefina López de Serantes (1986: p. 34) relátanos o que tiñan que mercar os estudantes cando entraban no Seminario: “Un baúl con chave. Un tinteiro de metal de estaño. Catro mudas brancas. Dúas chaquetas ou chupas e dous pares de calzóns curtos, todo



Fundando en 1601 polo arcebispo Juan de Sanclemente, e posto en marcha en 1630, o Colexio de San Clemente de Pasantes (os pasantes eran os graduados que ampliaban alí estudos) foi sede do Seminario Conciliar de Santiago xusto desde o ano do ingreso de Añón. É o actual IES Rosalía de Castro, despois de ser até hai varios anos o “instituto feminino”. Imaxe: Luis Miguel Bugallo Sánchez, 2005 (*Wikipedia*).

da cor negra. Catro pares de medias, tamén negras. Dous pares de zapatos con botón. Tamén a Gramática de Carrillo e Nebrija, a Filosofía de Guevara e a Summa Teolóxica de Santo Tomás”. Alí estuda tres cursos de Filosofía e cinco de Teoloxía.

Ao concluír os cursos de Filosofía examínase na universidade para obter o grao de bacharel. Cando remata os estudos de Teoloxía vai comezar, en 1837, a carreira de Xurisprudencia na Universidade compostelá, grazas á íntima relación que existía daquela entre as universidades e os seminarios conciliares (de feito estes quedaban incorporadas a aquelas, en cada territorio correspondente, por unha Real Orde de 1824). Tiña que completar oito cursos, mais o primeiro e o segundo ano conseguiu simultanear dous, polo que xa obtivo os títulos de bacharel en Leis e de licenciado en Xurisprudencia en outubro de 1843.

Quen queira seguir con máis rigor os pasos da formación académica deste escritor fará mellor en acudir directamente á tese doutoral de Fernando Bel Ortega (1991: pp. 41-54, 136-152), de onde nós, cal aqueles “*vanadantes*” universitarios que fai figurar Añón para distraeren a leiteira, copiamos o que nos convén. Ademais no Arquivo da Universidade de Santiago de Compostela e mais no Arquivo Histórico Diocesano poden consultarse a maioría das cualificacións obtidas. En concreto, no expediente do Seminario as notas avaliativas “talento”, “aplicación” e “conducta” van case sempre acompañadas, respectivamente, das anotacións “superior”, “mucha” e “buena”. En quinto curso de Teoloxía obtivo a cualificación de sobresaliente. Están, polo tanto, pouco fundadas as impresións que podíamos ter de estarmos ante un seminarista díscolo ou pouco aplicado. Outra cousa é que o camiño se torcese e pouco valesen as leccións de Litúrxica e Canto Chan para quen non quixo dedicarse ao ministerio dos altares.